



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Serie Deputación Permanente
Número 11

**Sesión da Deputación Permanente
7 de maio de 2020**

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto único.

Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para informar sobre a situación actual derivada da pandemia da covid-19 e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto, doc. núm. 64038 (10/SCDP-000015)



SUMARIO

Ábrese a sesión ás once e catro minutos da mañá.

Logo de abrir a sesión, o señor presidente prégalles aos presentes na sala que se garde un minuto de silencio en lembranza das persoas falecidas pola pandemia da covid-19 e en solidariedade coas súas familias.

Os deputados e as deputadas, así como os membros do Goberno presentes, os membros da Mesa e demais asistentes á sesión, postos en pé, gardan un minuto de silencio. (Páx. 5.)

A continuación, o señor presidente solicítalle á secretaria da Mesa a comprobación da existencia de quórum. (Páx. 5.)

A señora secretaria, Blanco Rodríguez, comproba a presenza das deputadas e deputados membros da Deputación Permanente e con delegación de voto. (Páx. 5.)

Confirmada a existencia de quórum, o señor presidente procede a entrar na orde do día, que consta dunha comparecencia do presidente da Xunta de Galicia como punto único. (Páx. 5.)

Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar sobre a situación actual derivada da pandemia da covid-19 e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto. (Punto único da orde do día.)

Intervención do presidente do Goberno: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 5.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 20.), Sr. Sánchez García (GCE) (Páx. 23.), Sr. Caballero Míguez (S) (Páx. 27.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 31.)



Réplica do presidente do Goberno: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 35.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. Nesta rolda interveñen a señora Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 46.), o señor Sánchez García (GCE) (Páx. 49.), o señor Caballero Míguez (S) (Páx. 51.), o señor Puy Fraga (P) (Páx. 53.) e o señor presidente da Xunta de Galicia. (Páx. 56.)

Antes de dar por finalizada a sesión, o señor presidente expresa o seu agradecemento ao persoal do Parlamento que fixo posible que esta se realizase, así como a todas e todos os profesionais sanitarios e doutras ramas da actividade implicados especialmente no mantemento da saúde dos cidadáns nestes momentos. (Páx. 63.)

Remata a sesión ás tres e cinco minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás once e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días. Imos comezar a sesión da Deputación Permanente. Antes de entrar na orde do día, convídoos a todos a que gardemos un minuto de silencio en memoria das vítimas mortais da covid e tamén en solidariedade coas súas familias.

(Pausa.) (Os deputados e as deputadas, así como os membros do Goberno presentes, os membros da Mesa e demais asistentes á sesión, postos en pé, gardan un minuto de silencio.)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Comezamos xa a sesión desta deputación permanente. Para isto prégoille á secretaria, señora Blanco, que comprobe a asistencia.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Bo día, presidente.

(Por mor da situación provocada polo estado de alarma debido á covid-19, a esta sesión acode un número reducido de deputados e deputadas en representación dos membros titulares da Deputación Permanente, con delegación de voto previamente formalizada. Os asistentes son: D. Pedro Puy Fraga, D. Miguel Ángel Tellado Filgueira, D^a Raquel Arias Rodríguez, D. José Alberto Pazos Couñago, D^a Cristina Isabel Romero Fernández, D^a Marta Rodríguez Arias, D. Gonzalo Trenor López, D. Luís Manuel Álvarez Martínez, D. Gonzalo Caballero Míguez, D^a Patricia Vilán Lorenzo, D. Antón Sánchez García, D^a Carmen Santos Queiruga, D^a Ana Pontón Mondelo e D^a Olalla Rodil Fernández; así como os membros do Goberno, D. Alfonso Rueda Valenzuela e D. Alberto Núñez Feijóo, e os membros da Mesa, que presiden a sesión, D^a Noela Blanco Rodríguez, D. Diego Calvo Pouso e D. Miguel Ángel Santalices Vieira.)

Xustificou a súa inasistencia o señor Rodríguez, do Grupo Mixto. E, comprobadas as delegacións de voto, confirmase a existencia de quórum.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora secretaria.

Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar sobre a situación actual derivada da pandemia da covid-19 e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto

O señor PRESIDENTE: A mecánica do desenvolvemento do debate xa a coñecen vostedes e, polo tanto, comezamos coa intervención do señor presidente da Xunta de Galicia.

Cando queira.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Era un home de 92 anos e faleceu onte nun hospital público galego. É a última confirmación dunha persoa morta con coronavirus na nosa terra e lamentablemente todos sabemos que non será a derradeira. Os evidentes avances que se están a lograr nas últimas semanas no



relativo á contención da pandemia e manter a taxa de letalidade entre as máis baixas do Estado son afirmacións tan certas como inútiles para consolarnos polo que xa perdemos. As estatísticas son necesarias, pero son frías e tamén inxustas, porque hai unha realidade que non se pode cifrar pero que estará sempre aí neste mes de loita oficial e tamén cando recuperemos a normalidade.

O pobo galego está incompleto e fundamentalmente danado. Galicia está danada, porque 586 persoas faleceron vítimas da pandemia e máis de catro mil quiñentas que morreron por outras causas tampouco puideron ser despedidas en liberdade. Son proxectos de vida truncados e tamén familias que sofren a perda en condicións especialmente tristes e duras.

Galicia tamén está danada porque hai máis de dez mil persoas que resultaron infectadas, persoas que sufriron e sofren os síntomas físicos, pero tamén algunha enfermidade descoñecida. Galicia está danada porque miles de traballadores temen polo futuro dos seus traballos e das súas empresas. E Galicia está danada porque todos, dun ou doutro xeito, nos vemos afectados polo desgaste moral que supón a ameaza sanitaria e tamén a económica e a social, que apuntan a proporcións inéditas.

Pregúntome con frecuencia cal é o mellor xeito de falarlle a Galicia, e creo sinceramente que a resposta está en tanta xente que todos os días excede o cumprimento estrito do seu deber para entregarse aos demais.

Nós, con independencia de que sexamos oposición ou goberno, tamén temos que dar moito máis do que nos corresponde, como o fan a maioría dos cidadáns. A entrega de tantas galegas e galegos prodúcese sen grandilocuencia, e ese é o ton que quero manter nesta intervención. O sacrificio inmenso que se practica nos hospitais, nos centros de saúde, nas farmacias, no transporte, nos supermercados, nos centros de traballo abertos, tamén no interior das casas, e por suposto nas residencia da terceira idade e nas residencias de discapacidade, merece sobriedade e claridade. Por iso, tentarei ser sobrio e claro na exposición e, como veño facendo ao longo das últimas semanas, tratarei de responder as preguntas que directa ou indirectamente nos trasladan os cidadáns.

E por iso esta intervención quixera adicala a contestar cinco preguntas. A primeira: ¿en que fase estamos? A segunda: ¿é o plan presentado polo mando único, é dicir, polo Goberno central, a folla de ruta axeitada para a reactivación? A terceira: ¿que propostas ten Galicia para a desescalada? A cuarta: ¿é o estado de alarma o instrumento preciso para as próximas semanas e meses, ou semestres? E a última: ¿cales son as consecuencias sociais e económicas do que estamos a vivir?

A primeira pregunta é a máis importante: ¿como estamos?, ¿en que fase estamos? Con todas as cautelas precisas, podemos afirmar que a fase crítica deste primeiro brote se está superando. Seguimos afastándonos das cifras nas que nos movemos durante as peores xornadas vividas ata agora. Hoxe hai menos afectados en UCI. A día hoxe, ou a día de onte, nestas unidades son atendidas 28 persoas, un 84 % menos que no pico máximo rexistrado o 2 e o 3 de abril, cando ascenderon a 178. Os 205 hospitalizados representan case un 80 % menos, xa que a cifra chegou a estar en 946 o 5 de abril. En 214 concellos non se rexistran casos



dende hai tres días, en 169 concellos non se rexistran casos dende hai sete días e en 118 concellos non se rexistran casos dende hai catorce días.

Detrás destes datos hai un esforzo colectivo que cómpre seguir poñendo en valor, de todos os profesionais sanitarios e non sanitarios, de todas as categorías, que deron e seguen dando a mellor resposta; dos xestores que tramitaron as compras de material e reforzaron con máis de 1.771 persoas as urxencias, as unidades críticas, a hospitalización, a medicina preventiva, a microbioloxía, o covid-auto; dos traballadores de residencias de maiores, os máis de doce mil que xa estaban e os 1.013 cos que reforzamos as plantillas públicas, que protexeron estes centros especialmente vulnerables; e tamén do conxunto dos cidadáns, ao coidarse e coidar os demais. Entre todos logramos estar nunha mellor situación que hai unhas semanas, pero non podemos confiarnos, non o deben facer os cidadáns e dende logo o Goberno galego non o fai, porque a afectación aínda é importante, sobre todo porque non son en absoluto descartables rebrotes no curto e no medio prazo, sobre todo a partir de outono.

Cómpre seguir preparados, e Galicia estao grazas ás achegas do comité clínico do Servizo Galego de Saúde, que nos asesorou e nos asesora en todo momento. A experiencia e o coñecemento dos profesionais que conforman este órgano permítenos estar listos para activar o plan de resposta ou o rebrote a medida que este sexa necesario. Nesta liña saben que o Goberno central elaborou unha listaxe de indicadores a ter en conta para avanzar na reapertura, e, feita a primeira avaliación, xa confirmamos que a posición sanitaria de Galicia é sólida para que o próximo luns toda a comunidade autónoma poida pasar á fase I do plan estatal.

Estamos potenciando o papel da atención primaria, que nesta nova etapa será clave na detección de novos casos. Debemos destacar o traballo destes profesionais, dado que a maior parte dos casos, os que corresponden con pacientes que pasan o illamento no seu domicilio, se están a seguir dende este nivel asistencial. Para iso, mantemos un dos aspectos diferenciais co resto de España, que é o programa Telea, que pode facer seguimento domiciliario a pacientes; grazas a el, case tres mil quíntos pacientes puideron ser atendidos nas súas constantes vitais nas súas casas.

Temos reservas para reforzar as UCI ata 2,55 camas por dez mil habitantes, por riba do umbral de 1,5, marcado como mínimo polo Goberno central. E tamén cumprimos os requisitos en canto ao número de camas de hospitalización ante unha pandemia, xa que a cifra total da que podemos habilitar sitúanos dentro da ratio entre 37 e 40 por cada dez mil habitantes.

Por tanto, contamos con recursos que se exigen para iniciar a desescalada, e iso debe darnos tranquilidade, porque, ademais, son moi superiores aos que empregamos nos momentos de maior presión asistencial. Hoxe estamos a usar para o coronavirus só o 4,4 % da capacidade total de UCI e no día de pico máximo esa porcentaxe non chegou ao 26 %.

En canto ás camas, actualmente están empregadas para pacientes covid só o 2 % do total das camas do Servizo Galego de Saúde.

En definitiva, seguimos preparados, porque sería prematuro minimizar o impacto sanitario da crise, pero a realidade é que estamos nunha fase distinta á da miña última comparecencia



parlamentaria. Agora segue a consolidarse a tendencia de mellora que se iniciou o 6 de abril, e por iso hoxe xa podemos e debemos ocuparnos tamén da reactivación e do escenario social e económico que nos agarda. É o que estamos tentando.

A segunda pregunta: ¿é o plan presentado polo mando único do Goberno central a folla de ruta para esta reactivación? Na miña opinión, só de xeito inicial e moi parcialmente. A maioría dos principios que o sustentan son compartidos por todos nós e, ademais, son comunemente admitidos no ámbito internacional, pero creo que falla o seu desenvolvemento. E quixera explicar por que, como tamén o estamos a facer nas conversas co Ministerio de Saíde e nas nosas intervencións na Conferencia de Presidentes.

Primeiro, coincidimos en que a reactivación debe organizarse de forma gradual, pero diferimos no horizonte temporal que o Goberno central debuxou finalmente. Estamos a favor de que as fases se avalíen cada quince días, pero cómpre asegurar un seguimento constante, porque os datos téñense continuamente e, por iso, continuamente debemos valoralos, sobre todo por se é preciso retroceder fases axilmente.

Por outra banda, é un plan inacabado. Trázanse as fases nunhas semanas vista, finais de xuño-principios de xullo, pero non se coñece a planificación posterior, que é clave, porque temos que ser capaces de garantir unha resposta rápida ata que apareza unha vacina ou tratamentos eficaces, e iso non parece que vaia ocorrer en bastantes meses.

En segundo lugar, coincidimos en que debe dividirse o territorio por zonas, para organizar a desescalada, pero diferimos da variable xeográfica escollida: a provincia. Por iso, o que trasladamos ao Goberno central onte é unha proposta con catro principios. Primeiro: ao noso entender, a división non ten por que ser mimética en todas as comunidades autónomas, porque a superficie, a densidade de poboación, a mobilidade e a natureza económica son distintas en cada autonomía. Reiteramos que o seguimento debe sustentarse en criterios de saúde e non en criterios administrativos. E iso faise a través das áreas sanitarias, que aprobamos neste parlamento, a última no ano 2008, e tamén nos distritos sanitarios que temos dentro do noso mapa sanitario: Santiago, co distrito do Barbanza; A Coruña, co distrito de Cee; Ferrol; Pontevedra, co distrito do Salnés; Vigo; Lugo, co distrito da Mariña e Monforte; e Ourense, co distrito de Verín e O Barco de Valdeorras.

Dentro da comunidade debe permitirse a mobilidade en todo o territorio de Galicia, namentres todas as zonas se atopen na mesma fase, para non agravar os danos económicos, se non hai razóns sanitarias que o impidan. Entendemos que as comunidades debemos poder establecer un zoom adicional sobre o territorio para ter un control máis granular e poder, onde haxa un foco de pandemia, acoutar con restricións engadidas microzonas, xa se trate de distritos, é dicir, comarcas, ou xa se trate de zonas básicas de saúde, é dicir, concellos, e tamén para poder abordar unha apertura máis áxil nas zonas do noso territorio que tiveron moi pouca afectación do virus, o cal é especialmente relevante na inmensa maioría do rural de Galicia.

É dicir, nós defendemos vixilancia permanente dende as áreas sanitarias para poder cruzar nivel de risco e capacidades asistenciais. Defendemos que, se todo o territorio está na mesma



fase, a circulación cidadá debe permitirse en toda Galicia. E defendemos que, ante posibles rebrotes, poidamos decidir o alcance dos novos peches, ben nos concellos ao redor dun centro de saúde ou dos concellos ao redor dun distrito hospitalario, ou dos concellos ao redor dunha área sanitaria, en función, loxicamente, da intensidade do rebrote ou do foco. Esta proposta é a que permite o menor conflito entre a protección da saúde e os dereitos fundamentais dos cidadáns.

En terceiro lugar, coincidimos co Goberno central en que se debe trazar unha metodoloxía de cálculo para medir os riscos de cada momento e adaptar a ela as decisións, pero diferimos nalgúns aspectos do cadro de mando presentado. Valoramos que tiveran en conta os indicadores sanitarios propostos por Galicia, especialmente se se confirma o relativo a vincular os novos casos co número de PCR realizadas, para non desincentivar o test masivo que estamos facendo á poboación. Pero tamén é certo que a maioría dos indicadores epidemiolóxicos que se van ter en conta para autorizar o tránsito dunha fase a outra aínda, lamentablemente, non están concretados. Salvo no caso de camas de UCI e de hospitalización, non se estableceron valores. Déixanse igualmente á discrecionalidade os parámetros sociais. Por exemplo, pídesse ás comunidades medidas de protección colectiva sen aclarar o papel que se reserva o Goberno central para o reparto de mascarillas, que adoita ser puntual e avisado cunhas horas de antelación; e, en cambio, ignóranse variables que na nosa opinión teñen relevancia, como o número de chamadas recibidas nos centros de coordinación, que é un indicador que se utiliza habitualmente na epidemia de gripe que hai todos os anos, ou os que permitan medir os esforzos que se están a facer nos servizos de urxencias.

En cuarto lugar, en relación co plan de desescalada presentado polo Goberno central, coincidimos en identificar os grupos de poboación máis vulnerables, tanto a nivel sanitario como económico e social, pero diferimos en que non se habiliten medidas específicas para estes colectivos. Non en van o plan do Executivo central non propón ningunha medida, nin para residencias nin para centros de día, nin para centros de acollida, nin para albergues.

Por último, en quinto lugar, coincidimos en que a comunicación é básica para que a reactivación se poida executar con seguridade, pero diferimos en que isto se consegue. En realidade, ao igual que pasou durante o confinamento, na estratexia de desescalada lamentablemente tamén está a reinar a confusión. Ao igual que os españois foron obrigados a trasnoitar hai semanas para saber quen debía pechar, quen podía ou non podía ir ao traballo, agora fano para saber quen e como se pode volver abrir.

Carecemos dunha folla de ruta coñecida con antelación, porque as decisións son comunicadas cunhas poucas horas de marxe, ás veces con minutos. E en ningunha actividade se pode cumprir neste tempo as novas obrigas que o *Boletín Oficial do Estado* publica de forma continuada e constante, moitas veces durante a tarde anterior ao inicio dunha actividade económica.

En terceiro lugar, hai áreas económicas con particularidades importantes que non se regulan. Os protocolos de seguridade dos distintos sectores ou non existen ou se improvisan.

E tamén no ámbito persoal segue habendo moitas preguntas sen resposta: preguntas polos cambios de criterio respecto do uso das mascarillas; preguntas sobre que pasará no eido



educativo nas vindeiras semanas, incluso agora nos vindeiros meses; preguntas sobre as novas condicións que rexerán os eventos sociais e familiares.

Señorías, atendendo a fase na que estamos e discrepando, como ven, en certos aspectos do plan marcado polo mando único, xorde a terceira pregunta: ¿que tipo de reactivación propón a Xunta de Galicia? Pois ben, seguimos pensando que a base sobre o futuro que debemos construír suscita en todos os niveis un obxectivo a conquistar: confianza. E para iso o primeiro de todo é facer un diagnóstico axeitado e completo que dea garantías e transparencia aos cidadáns. O obxectivo de Galicia dende que comezou esta crise é ofrecer a máxima e mellor información posible, con minuciosidade, con regularidade e con precisión. É o que reclaman e é o que merecen. Por iso resulta sorprendente que a nivel nacional se estean xerando tantas dúbidas ao redor dos datos.

Cambiose de criterio para contabilizar os falecidos, cambiose de criterio para contabilizar os infectados, cambiose de criterio sobre a fiabilidade e o uso recomendado de cada tipo de test. España foi desmentida pola OCDE respecto do número absoluto de probas diagnósticas comunicadas dende o noso país. E a estas alturas aínda non podemos comparar as cifras a nivel nacional sobre os falecidos nas residencias, a pesar de que as comunidades llas facilitamos diariamente ao mando único. É indefendible que non exista unha serie histórica en España que non permita avaliar absolutamente nada con perspectiva referida a esta pandemia. Indefendible porque a experiencia dos dous últimos meses é o único que temos para adoptar decisións. Descoñezo as razóns, se é que existen, para que se cambien pautas sen ningunha explicación e se oculten datos que se teñen dende hai máis dun mes. Pero creo que, por respecto aos cidadáns, especialmente aos falecidos e ás súas familias, débese coñecer con exactitude e de forma homoxénea a situación das residencias e dos hospitais en toda España.

A información é clave, como tamén o é poñela á disposición dos expertos, para tomar as decisións axeitadas. Doutro xeito, podería ocorrer —de feito xa ocorreu— que se anuncien medidas pola mañá que teñen que ser rectificadas pola tarde. A Xunta de Galicia apoiouse dende o primeiro momento nos expertos que conforman o comité clínico, procedentes das especialidades de medicina preventiva, de medicina intensiva, de medicina interna, de urxencias, de microbioloxía, de uroloxía, de oncoloxía, de pediatría, de xeriatria, de cirurxía, de dixestivo, de pneumoloxía, de medicina familiar e, por suposto, de enfermería.

Traballamos con eles durante as semanas máis difíciles no ámbito sanitario, e seguímolo facendo agora, para orientar o noso criterio de reactivación, a reactivación dentro dos centros sanitarios no que ten que ver coa reprogramación da actividade ordinaria que se aprazou e que xa se está comezando a retomar, e tamén a reactivación fóra dos centros sanitarios, é dicir, na volta aos centros de traballo e ás rúas.

Señorías, hai unha valoración sanitaria que condiciona a opinión de Galicia en todos os eidos, a opinión que trasladamos ao Goberno central cando nos consulta, a que conforma a nosa planificación actual e tamén a que marca a nosa folla de ruta para o futuro, especialmente para cando recuperemos as competencias que agora exerce o mando único que ostenta o Goberno central. Os datos da pandemia poñen de relevo que aparentemente en Galicia con-



tivemos o virus con maior intensidade que na media de España. Precisamente para saber en que medida, o pasado 23 de abril comezamos un estudo epidemiolóxico que prevé testar cen mil persoas en dúas oleadas. A maiores, saben que o estudo do Goberno central que está realizando o Servizo Galego de Saúde testará 6.120 galegos. Ata onte, a Xunta fixo un total de 45.691 tests epidemiolóxicos, e debemos agardar a completar esta semana a primeira fase da mostra para confirmar que, como parece, en Galicia o virus circulou menos.

Pero, se iso é así, a nosa folla de ruta ten que ter moi presente que esa realidade ten a súa parte boa, pero tamén a súa parte mala. A parte boa é que máis xente se librou da enfermidade e das súas consecuencias e a parte mala é que estamos máis expostos. E por iso non só temos que estar preparados para a desescalada, senón tamén co plan para posibles rebrotes, como os que antes mencionei.

Con esta máxima clara, nós saudamos que o Goberno central se abra a un sistema de cogobernanza, que en principio reserva para os gobernos autonómicos maior marxe de participación que a que tivemos ata agora. A lealdade de Galicia ao conxunto de España está garantida. Estao en condicións normais e con máis motivo nunha situación tan excepcional como esta. Defendemos que haxa un marco común, pero tamén que as comunidades poidamos modular a súa aplicación en función da afectación do virus, que non foi homoxénea, do risco de novos contaxios, que tampouco é igual en todo o territorio, e das especificidades de cada zona. Por exemplo, en Galicia o contorno rural e a dispersión xogan ao noso favor, mentres que o envellecemento da poboación preocupa de forma máis intensa que noutros lugares.

Por esa razón, na Conferencia de Presidentes xa hai dous domingos, o 26 de abril, solicitei que se incluíra unha cláusula de salvagarda territorial que nos permita ter nas comunidades autónomas capacidade para facer fronte aos posibles rebrotes coa monitorización que temos da situación en tempo real e co coñecemento que temos do territorio.

Por agora descoñecemos con exactitude a marxe de manobra coa que contaremos a nivel autonómico, pero quixera avanzarlles os catro eixos prioritarios nos que, na nosa opinión, debe descansar a reactivación económica e social de Galicia.

Como xa comentei, no período do tempo tan longo como o que esta crise parece que vai instalarse temos que ser capaces, en primeiro lugar, de dotarnos dun sistema de aperturas e de peches moi dinámico e de máxima precisión, e non só a semanas vista, senón nos próximos meses como mínimo. Os cidadáns exixen aos políticos certezas e previsibilidade. O reto é desactivar axilmente as microzonas onde se detecte un brote, porque o primeiro é protexer, sen dúbida, a saúde colectiva, pero tamén esquivar, na medida do posible, as restricións en grandes áreas, porque, como estamos a ver, teñen graves consecuencias laborais e sociais.

É dicir, o que Galicia propón é aplicar as restricións de forma máis precisa e proporcionada. O obxectivo é que, ante brotes concretos e identificados, se desactive unicamente a zona de influencia do centro de saúde ou do distrito sanitario sen necesidade de ter que desactivar toda a área, se pode evitarse, ou, aínda menos, ter que confinar unha provincia enteira. Esta é a única forma de facer compatible a protección da saúde coa imprescindible reactivación laboral e social.



E para iso, señorías, é clave actuar na prevención e na detección precoz. É lóxico e necesario que, tras a situación vivida, sobre todo nas autonomías máis afectadas, nos preocupemos pola resposta asistencial a posibles rebrotes, pero non deberíamos renunciar a tentar evitar tamén novos focos de contaxio. Neste sentido debo recoñecer que boto de menos que a nivel nacional se traballe máis ordenada e intensamente para facer diagnósticos rápidos, illar casos e impedir novos contaxios. E por iso o noso traballo vai seguir enfocándose a tentar que Galicia manteña unha posición forte na prevención.

Por iso, dende a Xunta levamos moito tempo solicitando un protocolo único para toda España nas medidas de seguridade que temos que implementar en todos os sectores económicos e tamén na poboación, especialmente sobre o uso das mascarillas e a distancia social nos traballos e nas zonas de tránsito.

Ao respecto da mascarilla e ante a ausencia de criterios claros a nivel nacional, en Galicia estamos actuando nunha dobre vertente. Primeiramente, facilitar o abastecemento, cando era imprescindible. Garantimos en todo momento a subministración das mascarillas, inicialmente con dificultade nos hospitais e nas residencias e nos concellos. Por exemplo, a Xunta puxo á disposición o 88 % das mascarillas cirúrxicas que utilizaron os galegos, fronte ao 12 % que procede das achegas do Goberno central, ao que por suposto llo agradecemos.

Garantimos a subministración aos traballadores que reiniciaron a actividade na industria e na construción hai unhas semanas; en total, repartimos catro millóns de mascarillas ata que as empresas normalizaron o seu acceso a este material.

Garantimos tamén 2,2 millóns de mascarillas aos cidadáns, cun *pack* de tres mascarillas por cada unha das setecentas mil persoas con menos recursos, de forma absolutamente gratuíta, e que xa teñen á disposición nas farmacias e que poderán retirar tan só presentando a súa tarxeta sanitaria.

Estivemos e seguiremos estando vixiantes para que o abastecemento en Galicia estea asegurado, pero non é suficiente. E por iso insistimos —volvo reiteralo— en que o Goberno central debe abaratar as máscaras, baixando o IVE que grava este material, que segue fixado nun 21 %. Outros países, como o veciño Portugal, xa o fixeron e parece lóxico que aquí tamén se efectúe, toda vez que o seu uso, que primeiro non era recomendable, despois foi aconsellable e agora fíxose obrigatorio; polo menos para o transporte público o seu uso vai ser masivo para a poboación durante os próximos meses.

En aras da maior seguridade, tamén estamos a traballar cos distintos sectores que se van reabrindo para colaborar con eles na elaboración de protocolos de seguridade por sector. O óptimo sería que no conxunto de España haxa instrucións específicas para cada área, pero, comprendendo que non é un labor sinxelo, dende a Xunta estamos dándolles forma ás distintas guías e protocolos para protexer os traballadores de Galicia.

Fixemos un protocolo xeral no ámbito laboral e está á disposición outro para o comercio e un específico para as perruquerías. Facilitamos tamén guías de seguridade aos sectores da construción, forestal, naval, automoción, pizarra, áridos, industria extractiva, gasoleiras,



supermercados e oficinas. Hai un grupo de traballo que está a orientar a volta ao marisqueo, outro para asesorar o sector turístico nas novas condicións dos aloxamentos, das axencias de viaxes, dos albergues, da hostalaría, dos museos e dos balnearios.

En definitiva, estaremos con todos os sectores que nos reclaman axuda, porque entendemos que é básico para que a reactivación se produza nas máximas condicións de seguridade para os traballadores, pero tamén para os consumidores.

En terceiro lugar, con todo, o máis importante —insisto— é a detección precoz. As experiencias máis positivas no resto dos países que se viron ou se ven asolados polo coronavirus teñen o mesmo denominador común: tests, tests e máis tests. E por iso en Galicia seguiremos facendo tests, tests e máis tests. Esta foi a nosa vontade dende o primeiro momento, porque entendemos que o diagnóstico precoz, o illamento dos caos e a corentena de contactos son a mellor receita para afrontar esta pandemia.

Fomos a primeira comunidade autónoma en España en poñer en marcha o covid-auto, para tomar as mostras da PCR con cita previa nos hospitais e nas áreas de saúde. Mantivemos en todo momento un ritmo alto de probas diagnósticas, en total cento setenta e oito mil ata o día de onte; un 62 % son PCR e un 12 % tests de dobre banda, e o resto os tests de anticorpos completos cedidos polo Goberno central.

Reforzamos os tests dos profesionais sanitarios, con máis de vinte e seis mil probas feitas a este colectivo, e esforzámonos por testar unha das áreas máis sensibles, que son as residencias da terceira idade e de discapacidade.

Señorías, fomos conscientes dende o primeiro momento de que as residencias son as áreas especialmente vulnerables nesta crise, e por iso asumimos o compromiso de facelas en todos os centros de maiores e de discapacidade. Pois ben, hoxe podo confirmarlles que cumprimos e que complementamos este varrido ao 100 % das residencias e ao 100 % dos centros de discapacidade. Todos están diagnosticados.

Fixemos un esforzo, e o noso compromiso de reforzalo de cara ao futuro, porque queremos que Galicia sexa un territorio seguro, un territorio seguro para os galegos, un territorio seguro para os que nos visitan, un territorio seguro para a actividade turística, un territorio seguro para poder vivir de forma segura.

Con este obxectivo, ademais de que remataremos mañá a primeira fase do estudo epidemiolóxico dos cincuenta mil tests, quero anunciarlles que imos reforzar a nosa capacidade diagnóstica con tres novidades, que nos van permitir fortalecer a posición de Galicia no ámbito da seguridade.

A primeira é que seguiremos tentando garantir a máxima seguridade dos profesionais dos centros de saúde, dos hospitais e das residencias. Xa o fixemos a través de probas, e estes traballadores, dos que detectamos 1.708 casos positivos, afortunadamente case o 32 % están dados de alta. Especialmente vixiamos os profesionais que se viron afectados polas mascarillas defectuosas recibidas dende a Administración estatal, o que nos levou a realizar máis



de seis mil duascenas probas de test. Pero imos redobrar ese esforzo, e nas próximas dúas semanas serán testados o 100 % dos profesionais sanitarios e non sanitarios, incluídos os servizos de limpeza, de seguridade e de mantemento, que tamén traballan para garantir o funcionamento dos centros sanitarios. Para iso, incrementaremos os vinte e seis mil profesionais xa testados para conquistar os restantes ata o 100 %.

Como lles dixen, tests, tests e máis tests; segue parecéndonos o camiño máis axeitado. Por iso, en segundo lugar, comunícolles que vimos de conquistar un total de catrocentos mil novos tests, dos cales cen mil xa están en poder do Servizo Galego de Saúde, os catrocentos mil, ademais, doados por unha multinacional galega. É dicir, dotámonos dun número moi elevado de probas diagnósticas para poder reforzar a capacidade de análise, porque, lonxe de reducila, pensamos que coa reactivación laboral e social imos ter que incrementala.

E, en terceiro lugar, tamén lles anuncio que Galicia vén de probar con éxito na área sanitaria de Vigo un novo sistema de procesamento agrupado de mostras PCR. Esta técnica, pioneira en España, coñecida como *pooling*, é un sistema de precisión que permite acumular mostras de grupos de entre dez e vinte persoas e determinar se algunhas das persoas delas están contaxiadas de forma simultánea. En caso positivo, en que esta mostra dese un positivo, realízanse probas individuais para detectar cal é a persoa ou persoas infectadas dese grupo de dez ou de vinte, pero, en caso negativo, cunha soa PCR confirmaremos que este grupo está libre de covid na súa totalidade.

Póñolles un exemplo. Imaxinemos un turno de vinte traballadores nun centro de saúde, a todos eles tomaríaselles unha mostra, que se analizaría conxuntamente cunha única PCR; se dá negativo, saberemos cunha soa PCR que este centro neste turno é un espazo limpo de coronavirus. En caso positivo, por suposto, habería que analizar as mostras individualmente para comprobar cal é a persoa ou persoas infectadas do conxunto de vinte.

Quixera agradecerlles a todos os servizos de microbioloxía do Complexo Hospitalario Álvaro Cunqueiro e Meixoeiro o seu esforzo, e especialmente neste caso para poder confirmar a eficacia desta técnica, porque sen dúbida vai ter un grande impacto para testar por exemplo grupos de persoas en grandes centros de traballo, para detectar se hai prevalencia de covid ou non, tanto nos centros sanitarios (centros de saúde e hospitais) como nas fábricas, nas oficinas ou nos centros de traballo.

E o cuarto eixo que Galicia considera clave para esta desescalada é a tecnoloxía. Señorías, a tecnoloxía xa está sendo clave para axudar a conter o coronavirus, para contribuír á súa prevención, á súa detección e ao seu seguimento, e na nosa opinión debemos empregar as vantaxes que nos ofrece para poder controlar a evolución da pandemia.

Galicia está traballando dende o seu ámbito competencial para poder aproveitar axeitadamente os usos que nos ofrece a tecnoloxía, coa colaboración voluntaria dos cidadáns. Cremos que pode ser moi útil, para o autodiagnóstico e para o seguimento e a trazabilidade dos contaxiados, tanto se son detectados polo sistema público como nas empresas que están amosando vontade de testar as súas plantillas, e por suposto para a comunicación das medidas de prevención e das restricións que se adopten, porque o sistema de aperturas e peches fle-



xible e dinámico que propoñemos require que poidamos informar a xente de forma constante e sinxela para que coñeza en todo momento a súa responsabilidade.

Como digo, Galicia está traballando, pero o óptimo sería que o conxunto de España e incluso a Unión Europea axilicen os traballos desta área. Primeiro, para evitar duplicidades; segundo, para fixar criterios que garantan a interoperabilidade das distintas aplicacións; e o máis importante, para alcanzar entre todos un sistema seguro, compatible e que dea máximas garantías aos cidadáns.

A penúltima pregunta, señorías: ¿é imprescindible manter *sine die* o estado de alarma? A Galicia non lle corresponde resolver esta disquisición, porque é unha competencia que debe propoñer o Goberno central e exercer o Congreso dos Deputados, como fixo onte. Pero si me gustaría reiterar algunhas reflexións sobre as que si é a nosa responsabilidade, que é defender as liberdades, os dereitos e a seguridade dos galegos e das galegas.

Cómpre, por un lado, exixir que se explique durante canto tempo e en que condicións se pretende estirar un mecanismo que é excepcional e que a Unión Europea solicita ademais levantar canto antes. É incerto que a situación vaia normalizarse en seis ou oito semanas, porque o risco de rebrotes a medio prazo tamén obrigará a adoptar medidas. E non parece axeitado que esa resposta sexa *sine die* o estado de alarma.

Por outro lado, é lexítimo que os cidadáns se pregunten se non existen outros instrumentos para coordinar a acción da nación española nunha pandemia como a que vivimos. Pode debaterse o tempo preciso para actualalos, pero non compartimos en absoluto que non haxa alternativas no ordenamento xurídico español.

Hai tres leis, unha delas orgánica, que garanten o amparo xurídico necesario para protexer a saúde pública. O Goberno non necesita do estado de alarma para exercer como Goberno. Igualmente, é completamente inaceptable que se subestime de forma xeneralizada a responsabilidade dos cidadáns —¿por que non se confía neles?—, como tamén o é que directamente se sometan á chantaxe de que as axudas tan importantes como a dos ERTE poidan decaer automaticamente se decae o estado de alarma. Onte demostrouse no Congreso que iso é absolutamente falso.

Feitas estas matizacións, manteño que, con estado de alarma ou sen el, debe confirmarse pola vía dos feitos a vontade manifestada polo Goberno central de establecer un sistema de cogobernanza cos representantes ordinarios do Estado nas comunidades autónomas, e dende logo Galicia estará moi atenta a que se entende por cogobernanza. Non pode seguir disfranzándose de coordinación o que ata agora foi unha serie de imposicións aos gobernos autonómicos, que, por certo, coñeciamos a través da Televisión.

De forma paralela á desescalada das actividades económicas, o mando único que exerce o Goberno central tamén ten que facer unha desescalada na xestión, facendo posible que as comunidades teñamos o papel que nos corresponde constitucional e estatutariamente. Primeiro, porque é dunha enorme inxustiza prever unha suposta disfuncionalidade do Estado das autonomías nesta crise, cando fomos as comunidades autónomas de Euskadi, Madrid e Galicia



as primeiras en adoptar medidas de restrición, antes que o propio Goberno central, e cando fomos as comunidades autónomas as que moitas veces primeiro propuxemos medidas que eran necesarias ou que advertimos sobre decisións claramente equivocadas ou confusas.

Con toda humildade, pódese constatar que esta parte do Estado que conformamos as comunidades autónomas, mesmo coas nosas competencias mermadas, fomos as que aportamos a resposta máis áxil á pandemia. Pero non só polo xa demostrado, senón, sobre todo, polo que podemos aportar no futuro. É preciso que as comunidades teñamos o protagonismo constitucional que se nos ten negado sistematicamente dende a primeira hora do 15 de marzo. ¿Por que? Porque coñecemos o noso territorio e por iso moitas veces podemos definir mellor as actuacións máis axustadas á realidade da xente que vive nel.

Eu dou por feito que o Goberno central sempre tentou acertar, aínda que certamente non sempre o conseguira, pero moitas veces as imprecisións, as rectificacións, as torpezas, tiveron a súa razón de ser no descoñecemento territorial. Non pode gobernarse o conxunto das comunidades mirando o que ocorre no centro da capital de España.

Do contrario, ocorren cousas sorprendentes, e que con razón ofuscan os cidadáns, como as seguintes. Hai escasos días, o 1 de maio, publícase unha orde do Ministerio de Sanidade no *Boletín Oficial do Estado* onde se autoriza, a partir dese momento, o coidado dos animais; logo, nos cincuenta días anteriores, ¿quen os coidou? Igualmente, durante ese día 1 de maio, no *Boletín Oficial do Estado* permítese o coidado das hortas de autoconsumo máis aló dos municipios de residencia ou adxacentes se é para subsistencia. ¿Como se acredita se unha horta de autoconsumo é para subsistencia ou non?

¿Por que se entende a pesca fluvial e marítima como actividade agraria, obviando que miles de persoas na nosa terra a practican como deporte individual, acudir a un río ou estar nunha rocha pescando no mar ou nas rías?

¿Como se explica que na veciña Asturias as franxas horarias só afecten os núcleos de máis de 5.000 habitantes, mentres que aquí non poida saír un núcleo á rúa de 200, 300, 400, 600, 1.000, 2.000 ou 2.500 habitantes? ¿Saben que esta decisión está obrigando a 1.100.000 galegos a non poderen saír da casa? Decisión que ademais se mantén, e mantense simplemente porque o mando único — neste caso o galego — o considera oportuno.

Señorías, a resposta a esta crise debe ser única. É certo, pero non pode ser uniforme porque España non é uniforme. O trazo grosso corresponde ao Goberno central, pero hai moitas microrealidades que unha administración máis próxima será capaz de xestionar con maior precisión e con maior acerto.

Por outro lado, tampouco se entendería a resistencia do Goberno central a compartir capacidade de decisión, e ao mesmo tempo o mando único desenténdese dos aspectos claves da crise. Tivo un papel absolutamente secundario na subministración do material, e continúa nesa liña porque, sorprendentemente, no Plan de continxencia o Goberno non se obriga a ter ningunha reserva de material de prevención nin de asistencia durante a desescalada ou despois. Tivo un papel secundario no ámbito sanitario, realmente os únicos hospitais que



xestiona son o de Ceuta e Melilla. Nas residencias, a deixadez foi total, e díxose que iso era unha responsabilidade exclusiva das comunidades autónomas. Na educación, a coordinación é absolutamente de mínimos. Non teño nada en contra de que se descarguen responsabilidades nas comunidades, Galicia vai exercer o que se lle encomende porque a nosa responsabilidade é gobernar, sexa fácil ou difícil, para iso nos elixiron. Pero o que si pedimos é que se ordenen as competencias, que non se improvise e, por suposto, que se nos dote dos recursos necesarios para poder tomar decisións nesta pandemia.

Señorías, desde que se iniciou esta crise levamos solicitando que o Goberno central convoque o Consello de Política Fiscal e Financeira. Reúnense os organismos europeos para falar da situación económica dos países da zona euro, e non temos tempo para reunir o Consello de Política Fiscal e Financeira en España. Iso si, celebrouse unha videoconferencia este pasado luns. É ese foro, o Consello de Política Fiscal e Financeira, onde hai que debater os criterios de repartición do fondo adicional de 16.000 millóns de euros, anunciado polo Goberno central e que Galicia valorou positivamente. Pero por suposto que discrepamos profundamente na distribución que se está a anunciar porque se afasta totalmente do sistema de financiamento autonómico vixente, e, desde logo, non é un momento para ensaiar un novo sistema de financiamento. É nese foro onde hai que confirmar que as comunidades autónomas non teñamos que asumir en 2022 a liquidación negativa por mor do descenso da recadación que se producirá no exercicio do 2020 respecto das entregas á conta. É nese foro onde hai que modificar as regras de estabilidade presupostaria. É nese foro onde hai que aclarar que o Goberno central non pode confiscarnos o diñeiro do presuposto da Comunidade Autónoma, como fixo cos fondos de formación de emprego e os fondos de alugueiro de vivenda, máis de cento vinte millóns de euros confiscados.

Señorías, paso á última e quinta pregunta: ¿cales son as consecuencias sociais e económicas desta crise e como se van afrontar?

En primeiro lugar, é fundamental responder coa verdade: as consecuencias van ser cuantiosas, aínda que polo momento o seu alcance é aínda inconcreto. É fundamental tamén aproveitar o tempo e non perdelo debatendo dentro dos gobernos, porque a urxencia exige claridade, certezas e unidade dentro do propio Goberno. É fundamental ser precisos na dinámica de aperturas e peches que nos esperan, tan conscientes de que a saúde é prioritaria, como que un peche evitable afecta tamén o benestar económico, o benestar social e, por suposto, o emprego da xente. É fundamental acertar na dirección das axudas; non debemos caer en populismos que só queren dar peixe porque tamén hai que lograr que a xente poida volver pescar por si mesma. É fundamental ser rápidos para non perder a competitividade respecto dos nosos socios europeos, e lamentablemente polo de agora no conxunto de España imos a un ritmo máis lento do que na maioría dos países da Unión. É fundamental falar con respecto a todas as persoas que xa están a sufrir as dificultades; sabemos perfectamente que os cidadáns que pecharon os seus negocios queren volver abrir, e a obriga dos gobernos é axudarlles a que poidan saír a frote canto antes. Con estas cousas claras en Galicia tamén estamos traballando para contribuír á reactivación económica, señorías.

Sabemos que temos algunhas fortalezas que debemos valorar. Por exemplo, a importancia do sector primario, que se viu menos afectado pola hibernación, ou a estabilidade institu-



cional, que é básica sempre, pero máis aínda nos momentos de extraordinaria dificultade. Pero tamén somos conscientes de que temos debilidades, como a concentración de pemes e de autónomos, que sempre son os que máis sofren; a atención a sectores especialmente expostos, como a restauración e o turismo, que supoñen o 11 % do produto interior bruto e máis de 100.000 empregos; o comercio polo miúdo; a loxística, e tamén todo o sector da automoción, con máis de vinte e seis mil familias que traballan e que viven nel.

O noso interese é acertar, e por iso tamén neste eido económico nos dotamos dun comité de expertos, ao que lle quero agradecer as súas achegas en tempo récord. Comité de expertos de universidades, de empresa familiar, directivos dos máis reputados sectores económicos, vicegobernadora do Banco do Consello de Europa, o Foro Económico de Galicia, un ex-presidente da Comunidade Autónoma —como saben—. Estes expertos xa presentaron dous documentos —que vostedes posúen— e aos que seguirán nos próximos días outros documentos que vostedes tamén terán inmediateamente. Ata o de agora o traballo coincide no diagnóstico dun futuro que é difícil e tamén no mellor instrumento: todas as administracións e todos os cidadáns debemos estar unidos para que a pandemia sanitaria non se converta nunha profunda pandemia económica e nunha profunda desigualdade social.

Con esta vocación, en tempo real, dámoslles traslado das propostas do Comité de expertos, en primeiro lugar e de forma simultánea, ao Goberno central, á vicepresidenta económica, á ministra de Facenda, á vicepresidenta primeira e tamén ao propio presidente do Goberno de España, e, por suposto, aos grupos parlamentarios que conforman esta cámara, así como aos sindicatos e aos axentes sociais.

E tamén en tempo real tomamos nota das medidas que demandan da Xunta e que sumaremos ás que xa impulsamos ata o de agora. Primeiro, suspendemos os prazos para presentar todos os impostos autonómicos. Segundo, pactamos coas entidades bancarias para que os traballadores afectados polo ERTE poidan cobrar con antelación un anticipo de dúas nóminas —creo recordar que só en Asturias e en Galicia existe—. Aprobamos unha liña de liquidez pensando especialmente nas pemes para financiar ata 200.000 euros por autónomo ou peme, e mobilizar 250 millóns de euros. Aprazamos as cotas das amortizacións dos préstamos do Igape e de Xesgalicia para mobilizar outros 265 millóns de euros. Aprobamos un plan específico para un dos sectores que máis tarde pode recuperar a normalidade, como é o sector cultural e tamén o sector turístico. Puxemos en marcha o Plan de tesourería para dispoñer de ata 1.800 millóns de euros e poder seguir pagando aos nosos provedores nunha media de quince días dende que presenten a factura. En definitiva, señorías, traballamos e seguiremos traballando para atender os problemas económicos e sociais que esta situación está xerando.

Por suposto que a Xunta non pode facelo soa. O liderado corresponde ás institucións europeas e aos estados membros, tanto no máis urxente, que é a protección dos traballadores e as necesidades de liquidez das empresas, como no menos inmediato. Neste sentido, non só é preciso que trace unha folla de ruta no ámbito económico, senón tamén en infinidade de aspectos sociais que requiren de coordinación. Por poñer só dous exemplos absolutamente ilustrativos, non vai haber ningunha directriz para protocolizar a atención nas residencias e centros sociais nos próximos meses no conxunto da nación, e non vai haber ningunha directriz para garantir a atención educativa aos rapaces no conxunto da nación.



Señorías, é conveniente apelar á unidade das administracións para resolver estes e moitos outros asuntos, e tamén a corresponsabilidade coa esfera privada, a dos cidadáns e tamén a das empresas, a das asociacións e entidades, que xa o teñen demostrado e que cómpre —na miña opinión— poñer en valor.

Tan certo como que a resposta pública se revela clave en situacións como esta é que moitas institucións e empresas privadas están amosando un gran compromiso público; moitas permitiron paliar necesidades loxísticas de material e de subministracións. En Galicia, Inditex, Abanca, Estrella Galicia, Malasa, Caamaño, etc., son e foron un exemplo de compromiso durante a pandemia. Así que se algo demostra esta crise é que ninguén sobra e que todas as enerxías dun país son necesarias. A confusión interesada entre propiedade privada e egoísmo forma parte das ideoloxías anacrónicas.

A misión do dirixente político non é sementar suspicacias, senón fomentar sinerxías en beneficio da xente. A unión de esforzos seguirá sendo a pauta que inspire a actuación da Xunta nesta crise, como tamén o será a actitude prudente, a actitude proactiva, propositiva e previsora que intentamos manter ata agora. Fomos e somos prudentes porque nos enfrontamos a un desafío sen precedentes nos tempos modernos, para o que non hai un catálogo de actuacións prefixado. Fomos e somos proactivos intentando anticipar situacións sen esperar a que os acontecementos nos desbordaran. Fomos e somos propositivos porque aportamos suxestións e iniciativas nos foros supraautonómicos nos que participamos. En fin, fomos e somos previsores ao encargar a expertos sanitarios e en economía estudos de prospectiva sobre o futuro que nos agarda.

¿Cometemos erros? ¡Seguro! ¿É case imposible ser infalible nesta situación? Eu creo que si, pero demos e seguiremos dando todo o que estea na nosa man para que os danos sexan os menores posibles. Damos todo de nós como o están dando case todos os cidadáns, que responderon no confinamento, que están respondendo na reapertura e que tamén responderán seguro na desescalada emocional que nos espera nestas semanas, sabendo que o que nos espera non vai ser igual á situación que tiñamos antes do coronavirus, sabendo que a situación económica que atoparemos tampouco se parece lamentablemente á que había e sabendo que hai unha responsabilidade colectiva maior que nunca, que nos vai obrigar a seguir sendo respectuosos coas normas e as recomendacións, para non poñernos en perigo nin poñer en perigo os demais, para non comprometer con peches que sexan evitables os postos de traballo e o benestar da sociedade.

Pero hai algo que na miña opinión non mudou e co que seguimos contando, que é a nosa forza colectiva. Por iso, señorías, quixera rematar dicíndolles que non estimo axeitada a linguaxe bélica para describir a tesitura na que nos atopamos. Boa parte dos nosos maiores teñen viva a lembranza das guerras e das posguerras atroces. Moitos dos axentes e militares que están axudando a preservar a nosa saúde participaron en misións internacionais en zonas de conflito. Todos eles saben que as guerras son moi distintas nas causas, no desenvolvemento e nas secuelas. Nin sufrimos unha invasión nin un conflito civil, nin existe un inimigo semellante a nós, nin a devastación que provoca unha guerra se pode comparar aos peores escenarios desta pandemia. Non minusvaloremos o que nos pasa, ¡faltaría máis!, pois é grave e terá consecuencias laborais, sociais e económicas gravísimas, pero sexamos conscientes de que a devastación asociada a todas as guerras non se dá entre nós.



Pola contra, xorde unha nova fortaleza moral potente e patente nos comportamentos sociais destas longas semanas que todos os grupos políticos debemos imitar. Non temos unha Europa, unha España, nin unha Galicia en ruínas, senón sociedades asoladas por unha pandemia con puntos de apoio importantes para erguernos de novo. E xuntos estou convencido de que sairemos adiante.

Máis nada, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas presidente.

Comezamos coa rolda dos grupos parlamentarios.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día.

Quero que as miñas primeiras palabras sexan de lembranza, de solidariedade, de alento e de agradecemento; de lembranza para todas e cada unha das persoas que perderon a súa vida polo coronavirus, singularmente as 586 vítimas galegas, que estarán sempre no noso corazón; de solidariedade coas súas familias, que case non puideron nin despedirse; palabras de alento a todas as persoas que seguen loitando contra a enfermidade, desde as súas casas, hospitais ou residencias; palabras de agradecemento, de infinito agradecemento, aos milleiros de persoas que seguen en primeira liña, mesmo arriscando a súa saúde en beneficio de todos e de todas; e, finalmente, palabras de recoñecemento ao conxunto da sociedade galega porque tivo un comportamento exemplar, e eu sinto un tremendo orgullo de formar parte deste pobo que é solidario, que tende a man, que sabe estar á altura e que non escatima esforzos.

E ese esforzo de todos os galegos e de todas as galegas require que a política tamén estea á súa altura, á altura tamén do desafío económico e social ao que nos enfrontamos. Teño o convencemento de que as decisións de hoxe van marcar, como mínimo, a próxima década. E unha decisión deste calibre require dun gran acordo de país para a reconstrución económica e social de Galiza. E iso é o que ofrecemos desde o BNG: un gran acordo pola reconstrución que ten que fraguarse necesariamente neste Parlamento.

Dicía o señor Feijóo que Galiza merece sobriedade. E nós estamos de acordo, pero tamén merece diálogo, consenso e colaboración. E nada disto ofreceu vostede ao longo destas semanas. Galiza tampouco merece nin propaganda nin oportunismo político. E por iso, señor Feijóo, vostede equivocouse. Equivocouse, por exemplo, cando desprezou o Parlamento, un desprezo que ata podemos cuantificar: 24-2. Foron 24 comparecencias nunha TVG que converteu nunha especie de *Aló Presidente*, e 2 comparecencias, ¡só 2 comparecencias!, na sede onde reside a soberanía popular.

Equivócase tamén cando non busca o acordo cos grupos parlamentarios e se instala nunha especie de oportunismo político ou de cinismo político. O PP reclama en Madrid un diálogo



que logo non practica en Galiza. Tamén se equivoca cando se instala no triunfalismo, nesa falta de autocrítica, ou cando se esconde detrás do mando único para non asumir que non se puxo á fronte en ámbitos importantes.

Fagamos, polo tanto, balance, nestas semanas de pandemia, dos tres ámbitos onde máis afectou a crise, que foi o sanitario, o social e o económico.

No ámbito sanitario vostede deixounos un sistema público de saúde con menos profesionais e con menos medios, que en moitas ocasións non tiveron, ao longo destes meses, nin máscaras nin as medidas de protección necesarias. Déixanos unha atención primaria na que recortou máis de 2.000 millóns de euros e hoxe é un sistema hospitalario con menos camas que cando vostede chegou. ¿Cales son as consecuencias? Pois que temos a atención primaria no chasis. E agora estáselle dicindo que ten que ser a peza clave na loita contra a pandemia. Ou vemos tamén como, para cumprir os requisitos da desescalada, hai que sumar camas de hoteis ou hospitais de campaña; é dicir, que teñen que sumar camas inexistentes que habería que montar en hospitais previstos nun recinto feiral ou nun polideportivo.

Vén aquí e repítenos o mantra de que mellora a atención primaria. Nós preguntámoslle: ¿como? Estamos propoñendo que reforce a atención primaria cun plan de 200 millóns de euros. Por respecto aos profesionais, merecen que lles ofrezas feitos e non propaganda. O mínimo sería que se comprometese a manter todo o persoal de reforzo que se contratou e garantir unhas condicións dignas para eses traballadores e traballadoras que deron o mellor de si durante esta crise a pesar da precariedade que vostedes instalaron no sistema sanitario.

Pasemos agora ao ámbito dos servizos sociais. Sen dúbida, vostede hoxe pasou de puntillas sobre isto. A situación nas residencias de maiores é a cara máis dura, máis terríbel e máis dramática do seu fracaso na xestión desta crise. O 45 % das persoas falecidas por coronavirus eran usuarias dunha residencia, ao que temos que sumar os centos de contaxiados tanto entre residentes como entre o persoal. En Galiza hai 20.000 persoas usuarias dunha residencia da terceira idade. Preguntámoslle, señor Feijóo, que pasou, que está pasando, para que case a metade das mortes por coronavirus se concentrasen neste colectivo.

Para que nos fagamos unha idea da afectación do virus nas residencias queremos poñer sobre a mesa un dato. Na franxa entre os 70 e os 85 anos hai máis de 380.000 persoas. Só 20.000 están nunha residencia e, sen embargo, concentran case a metade das mortes da pandemia. E engadamos outra cuestión que aporta moitas explicacións: temos en Galiza 223 residencias pero só 24 son de xestión pública. Vostede prometeu construír unha residencia pública en cada unha das sete cidades. Non fixo ningunha, pero o que si fixo foi privatizar unha parte do sistema de residencias. E á vista están as consecuencias de querer facer negocio co dereito básico a ter unha vellez digna. Como mínimo, neste momento no que segue a pandemia deberían estar intervidas todas as residencias onde se detectaron focos importantes —agora e mentres dure o proceso de desescalada—. E pedimos tamén transparencia nos datos en relación con como afectou esta crise do coronavirus nas residencias, e cos datos globais tamén de afectación no noso país.

E, por último, analicemos o seu balance en materia económica e laboral. ¿Cales son as medidas da Xunta para os 225.000 traballadores e traballadoras afectadas por un ERTE? Nin-



gunha, señor Feijóo. O seu é facer de avalista bancario. ¿Cales son as medidas para o colectivo de 210.000 autónomos? Ningunha, só que se endebeden máis. Non teñen axudas directas como si teñen, por exemplo, en Euskadi, Cataluña ou Valencia. ¿Cales son as medidas do Executivo para os 46.000 empregos perdidos desde o inicio da crise? Ningunha. ¿Cales son as súas axudas para paliar a falta de ingresos, a caída de rendas, que soportan miles de galegos e de galegas? Ningunha.

Señor Feijóo, facer de avalista bancario ou aprazar o pago de taxas que apenas repercuten nas economías particulares é tanto como pretender parar unha hemorraxia con tiritas. E estes non son momentos de poñerse de perfil nin de seguir coa vella política da confrontación estéril, repetir fórmulas fracasadas ou rutineiras nin coa propaganda. Porque vostede dá moitos consellos pero logo, á hora da verdade, non os está aplicando no noso país. Por iso nós insistimos en que se necesita un gran acordo de país que permita rescatar as persoas desta crise, un rescate das persoas na saúde, no traballo e no benestar social. Estas son as prioridades do necesario acordo de país e aí debemos de enfocar todos os recursos dispoñibles: garantir un sistema sanitario público que coide a saúde das persoas, garantir o traballo ou, como mínimo, unha renda de inserción laboral para non deixar a ninguén atrás e garantir o dereito das persoas maiores a ter unha vellez digna. E claro que é posible. Vostedes decidiron rescatar a banca en 2009 e nós cremos que en 2020 hai que rescatar as persoas.

Poñemos sobre a mesa unha proposta para sacar a adiante ese acordo de país con base en cinco principios. Necesitamos un sector público potente, que actúe como motor de desenvolvemento económico e garanta xustiza social actuando tamén como distribuidor de riqueza. En segundo lugar, hai que impulsar o tecido produtivo, en particular os sectores con máis potencial e fortalezas —e temos moitos no noso país—. Hai que facer unha aposta estratéxica pola ciencia e o coñecemento, pola I+D+i. Unha Galiza do século XXI non é posible sen ciencia e investigación —comprobámolo ben nesta pandemia—. Hai que fortalecer os servizos públicos. E, por último, non podemos esquecer tampouco que é necesario enfrontar as consecuencias do cambio climático, porque non teremos futuro se non preservamos no noso entorno a biodiversidade.

E, finalmente, no ámbito económico, dúas cuestións: insistimos en que hai que adaptar as contas públicas de Galiza a esta situación de crise e utilizar eses recursos para apoiar as consecuencias sanitarias, económicas e sociais. Eses orzamentos preparáronse nun escenario moi diferente do actual.

Sabe, señor Feijóo, que vai contar co apoio do BNG para que Galiza teña todos os fondos que lle correspondan, ben do Estado, ben da Unión Europea. Pero tamén lle pedimos que non faga como ata o de agora, que deixou, por exemplo, sen gastar 1.000 millóns de euros en políticas de fomento do emprego.

E non quería rematar sen facer referencia a unha cuestión moi importante que ten que ver co plan de desescalada, ou plan de desconfinamento. Nós, hai semanas, ofrecémoslle pactar aquí, neste Parlamento, un plan galego para adaptar o desconfinamento á nosa realidade, pero vostede nin dialogou nin o comunicou nin buscou ningún tipo de acordos. Está claro que todos e todas queremos recuperar a normalidade canto antes, pero é que precipitarse



pode facer xustamente que a recuperación da normalidade se faga máis tarde. Non hai atallos e, desde logo, cremos que o importante é ter moita precaución.

Vostede propón unha mobilidade total pero non coñece nin tan sequera cales son os resultados dese estudo de seroprevalencia. ¿Por que fai un estudo de seroprevalencia e logo non espera a ter os datos dese estudo para facer propostas dese calibre? E, ademais, temos os propios profesionais advertindo de que quizais os datos dese estudo non van ser fiables. Nós, desde logo, cremos que hai que recuperar a normalidade canto antes; pero, para recuperala, quizais as présas non son boas conselleiras.

Sabemos tamén que tomar medidas axeitadas no desconfinamento é clave. E nós dixemos hai semanas que era importante que o uso de máscaras fora obrigatorio e que, ademais, se fixera unha repartición gratuíta en toda a poboación. Vostede críticalle ao Estado que non o faga, pero é que nada lle impide facelo en Galiza.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ¿Por que non lle garante á poboación galega a distribución de máscaras e, desde logo, non as fai obrigatorias? Estamos de acordo con que se baixe o IVE das máscaras, pero recordámoslle que foi o Partido Popular quen o subiu.

E xa remato cunha cuestión: é moi importante o plan de rastrexo do virus e non están facendo ben os deberes. Hai que contratar persoal específico para poder desenvolver o labor de rastrexo. Hai que formar ese persoal, hai que elaborar protocolos claros e efectivos para proceder ao illamento das persoas e as condicións nas que estas deben desenvolverse. Porque, mire, está moi ben exixirlles aos demais que fagan as cousas, pero nós creo que neste momento o que necesitamos é unha Xunta que se poña á fronte.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Remato, presidente.

Neste momento a sociedade o que nos está pedindo son certezas e clareza. A sociedade está dándonos unha lección, e creo, señor Feijóo, que ou acertamos nas políticas que se toman a día de hoxe ou pagaremos as consecuencias durante moito tempo. Nós agardamos que non siga equivocándose e que retome o diálogo, a colaboración e o acordo neste Parlamento.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos da Cámara procede a limpar o estrado.)

Polo Grupo Común da Esquerda, o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días a todos e a todas.



As miñas primeiras palabras son de solidariedade coas vítimas desta pandemia, coas súas familias e amigos, pero tamén coas traballadoras e os traballadores que aguantan do país e que demostran estes días quen aguenta o país cando desaparece o oropel desas grandes figuras que disque son as que crean riqueza. As traballadoras do sector público, da sanidade pública, dos servizos sociais, maltratadas polas políticas do Partido Popular, están aguantando e combatendo esta pandemia dun xeito exemplar. Vostedes pásanlles a man polo lombo nestas comparecencias, pero durante once anos traballaron en contra dos seus dereitos e por precarizalas, igual que traballaron en contra dos dereitos das traballadoras e dos traballadores do sector da alimentación e de todos os sectores, xogando en contra das súas condicións laborais. Eles son os que están demostrando que a súa ideoloxía si que é anacrónica e que sae estrepitosamente derrotado desta crise.

Esta sesión está sendo retransmitida pola Televisión de Galicia co empeño do Partido Popular en convertela en «Tele-Feijóo». Hoxe está Feijóo e, entón, retransmiten esta comparecencia. Eu levo unha camiseta que pon aquí «Defende a Galega». Moitas galegas e galegos, se cadra, non coñecen que neste país hai máis de dous anos que as profesionais e os profesionais dos medios públicos levan reivindicando medios públicos que non sexan utilizados partidariamente polo Partido Popular; medios públicos onde sentirse orgullosos de traballar e medios públicos onde non corras o risco de que te represalien por falar mal do señor Feijóo. E preguntaranse vostedes por que falo destas traballadoras e traballadores que levan máis de cen venres negros; unha protesta sen precedentes en todo o Estado español e silenciada, desgraciadamente, para moitas galgas e galegos. ¿Por que falo diso nun debate sobre o coronavirus? Porque creo que é moi importante, porque, como sociedade, temos que tomar decisións. A democracia son as decisións colectivas do pobo. Para iso necesítase información e non propaganda, manipulación e intoxicación, que é o que están facendo máis intensamente agora, se cabe, con esta crise o señor Feijóo e o Partido Popular.

Paréceme importante, porque con esta televisión pública silénciase a voz, por exemplo, dos familiares dos maiores das residencias, que levan anos denunciando a política de favorecemento do Partido Popular ás empresas privadas, fondos voitre e empresas próximas ao Partido Popular, ou o incumprimento das normas por parte destas empresas e o feito de que a Xunta de Galicia do señor Feijóo mirara para outro lado mentres incumprían estas medidas.

Se un ve a Televisión de Galicia, non se enterará de que no 2017 houbo un informe do Consello de Contas —organismo oficial, non o di o Grupo Común de Esquerda— que dicía que a pesar de haber inspeccións que demostraban o incumprimento das ratios de persoal, é dicir, que escatimaban en persoal e incumprían a legalidade así como outros incumprimentos, a pesar de que estas inspeccións denunciaban isto e que non se corruxían, a Xunta de Galicia non iniciou nin un só expediente sancionador.

Se un ve a Televisión de Galicia, non escoitará falar as enfermeiras eventuais en loita, esas profesionais da sanidade ás que tanto se lles aplaude agora e que levan sufrido as súas políticas durante este ano. Podían contar na televisión pública, por exemplo, os casos das profesionais que na sanidade pública levan traballado dez anos sen dereito a vacacións, con máis de 600 contratos e con cinco anos cotizados. Son as mesmas enfermeiras que vostedes, unha vez que baixou a incidencia do coronavirus, querían despedir, como a señora Ayuso.



Non puideron, e iso é a demostración de que as súas políticas saen derrotadas nesta crise. Son esas políticas as que vostedes queren ocultar coa súa política de manipulación da Televisión de Galicia e dos medios públicos, e non só públicos.

Se un ve os medios públicos galegos, verá que todo o que se fai mal é froito de decisións doutros gobernos e que todos os acertos son do señor Feijóo; non escoitará os colectivos que están pedindo xa a retirada deses test anunciados como históricos en Galicia. Cando eses profesionais aínda non puideron ser testados para saber se están infectados e se son vectores de contaxio, vostede mesmo acaba de recoñecer que había 26.000 profesionais testados, segundo os seus datos. Hai unha plantilla media de 38.000 profesionais, e hai 12.000 que aínda están sen testar, señor Feijóo. Piden a retirada, pero non se escoitará, nin se escoitarán moitas desas cousas, e quederán ocultar tamén a derrota das súas políticas, da súa ideoloxía. Son tempos estraños, semella que se pretende que as palabras non signifiquen nada ou que non haxa que manter a coherencia entre o que se fai e o que se di.

Onte Abascal, o seu socio no Congreso dos Deputados, falou da defensa do colectivo LGTBI. Casado citou a Orwell e reivindicouse como revolucionario porque disque dicía as verdades. Hoxe vostede dixo un dito que popularizou Mao Tse-Tung, iso das canas e dos peixes. Con esta política trumpiana de confusión para que nada signifique nada, vostedes e os seus aliados pretenden ocultar os seus verdadeiros intereses. *(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, é un dito da sabedoría popular china que axudou Mao Tse-Tung a popularizar. Moi ben, señor Puy.

Creo que, ademais, para non caer na confusión, hai que fuxir do regate curto e ver as cousas con perspectiva, porque isto será moi importante para encarar a batalla que temos que encarar para a saída da que falou finalmente o señor Feijóo, a saída da crise económica e social que vai provocar esta pandemia, que non queremos que sexa como a saída da crise do 2008 que vostedes encetaron. Hai unha idea fundamental que se debe de escoitar e que non se debe esquecer nas vindeiras semanas para non voltar nunca á normalidade anterior: todo o que vostedes representan sae estrepitosamente derrotado desta crise. O discurso e a práctica contra o público, o colectivo e a solidariedade, todo iso sae derrotado, porque en canto estalou a pandemia desapareceu a patronal da sanidade privada e emerxeron as traballadoras da sanidade pública; sae derrotada a súa pertinaz insistencia en regalarlles negocio a empresas próximas ao Partido Popular para o coidado dos maiores, porque agora o 98 % das mortes de maiores en residencias en Galicia se produce en residencias privadas. Modepén, a asociación, dixo que se unha persoa vive nunha residencia privatizada de coidado dos maiores ten seis veces máis posibilidades de morrer que se vive nunha pública, e a diferenza está en que, para facer negocio, as residencias privatizadas non cumprían coas ratios de persoal, non cumprían coas condicións que facían posible a aplicación de protocolos máis estritos. Saen derrotadas estrepitosamente as súas políticas fiscais de favorecer os poderosos e de perder peso o sistema público; non van poder seguir facendo esas políticas xa porque a xente non as quere, e non o podemos esquecer.

Vostede, señor Feijóo, na súa comparecencia, unha vez máis, fai o contrario do que fala. Hoxe falou de ocultación de datos referidos ao Goberno do Estado. ¡Que fale vostede de ocultación de datos cando dun día para outro apareceron 3.000 curados de repente, cando non



está dando os datos desagregados por concellos, mentres en Asturias si o están facendo, cando é vostede o rei da ocultación e a manipulación dos datos á súa comenencia!... Fala de confusión, pero non fala da confusión que teñen os profesionais con ese test histórico das 100.000 probas que denunciaron por escrito asociacións de profesionais. Fala do estado de alarma e di: «Non compartimos que non haxa alternativas». Pois vostedes onte foron o único grupo do Congreso dos Deputados que non presentou unha emenda cunha alternativa á declaración do estado de alarma, o único grupo.

Fala vostede de diálogo, pero despreza o diálogo coa oposición. Fala vostede da desescalada e do diálogo, pero vostede desoíu as ofertas dos grupos da oposición para facer un plan de desescalada galego. Fala de autogoberno o presidente que leva once anos sen unha transferencia de competencias e que calou ante as políticas recentralizadoras de Rajoy. Todo é publicidade, propaganda e intoxicación. O futuro ten que ser un xiro de 180º das súas políticas.

Vostede fala da preocupación polos autónomos. ¡Se Galicia é unha das poucas comunidades autónomas que non aprobou axudas directas a autónomos!, e os autónomos galegos sofren o mesmo que os valencianos, que os éuscaros, que os cataláns, que os canarios, que os cántabros..., que todos eles teñen axudas directas para afrontar pagos que teñen que seguir facendo, señor Feijóo.

Vostede fala tamén da saída da crise. O único que temos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...son informes do comité de expertos. Vostede non convocou aínda as forzas políticas, os colectivos sociais, a toda a sociedade galega para ver como imos enfocar esta saída; só temos o informe do comité de expertos, non temos nada. Queren ocultar, queren que isto pase, e que estas conclusións que a maioría da xente sacou de que hai que reforzar o público, e que para iso hai que facer políticas fiscais que sosteñan un potente sistema público, etc., etc., que hai que darlles estabilidade ás persoas que traballan na sanidade galega, que hai que reforzar a atención primaria, que vai xogar un papel protagonista, aínda que ata o de agora estivo infrautilizada, que hai que facer xestión pública directa das residencias... Diga aquí se vostedes, despois do que pasou e do que se demostrou, van seguir apostando por privatizar o coidado dos maiores...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...ou van dunha vez por todas apostar pola xestión pública, porque coa saúde non se pode facer negocio. Vostede quere ocultar as súas alternativas porque quere, en canto isto pase, volver, si, á normalidade anterior do negocio por encima da saúde.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)



Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, levamos case oito semanas de estado de alarma e de confinamento con moito esforzo, con moito sufrimento, con moitas dificultades por parte de toda a sociedade. Dende logo, o noso sentimento, a nosa fraternidade, está coas familias das 582 vítimas que perderon a vida coa covid e tamén acompañando as familias que perderon seres queridos sen ter detectado a covid ao longo deste período, tamén cos galegos que seguen sufrindo o virus; e, dende logo, cos que o pasaron, a nosa maior fraternidade e a nosa maior mensaxe de apoio.

Vaia tamén, en primeiro lugar, o noso recoñecemento e agradecemento a toda a cidadanía galega por ese comportamento exemplar, polo orgullo dun pobo que sabe responder a unha circunstancia tan complexa e que tivo a responsabilidade individual, a suma de responsabilidades individuais, que levan ao éxito na responsabilidade colectiva. E xunto a eles, tamén ademais de aplaudir cada día aos profesionais sanitarios, queremos manifestar e trasladar o noso compromiso firme, coherente e consistente coa sanidade pública galega, unha garantía para todos e para todas.

A situación na que estamos despois destas oito semanas —case oito semanas de estado de alarma e de confinamento— permítenos ter un certo sentimento de satisfacción porque dobregamos a curva tamén de sentimento, de pesar polo que aconteceu nestas semanas e sen dúbida de prudencia, porque non podemos retroceder nin podemos baixar a garda.

Sen dúbida, nesa liña é na que temos que actuar, e é necesario fortalecer a resposta democrática en Galicia contra a crise económica, sanitaria e social da covid-19. Por iso hoxe o presidente da Xunta está onde tiña que estar, onde non estivo cando tiña que estar. Despois de oito semanas de confinamento, o presidente da Xunta soamente compareceu nunha ocasión en sede parlamentaria en Galicia, ¡nunha ocasión! O presidente do Goberno, durante este período, en seis ocasións —aínda onte unha a maiores—. Un período no que, iso si, en 24 roldas de prensa retransmitidas en directo pola TVG, o presidente da Xunta de Galicia trasladou o seu relato sen confrontación dialéctica, sen confrontación de argumentos; un discurso unilateral que intenta chegar á cidadanía, pero tamén lles dicimos que sabemos que nestes momentos de dificultade a cidadanía sabe perfectamente cales son as estratexias de cadaquén e sabe percibir aquilo que se pode crer e aquilo que non se pode crer, por moito que deamos cada tres días unha rolda de prensa, unha hora televisada polos medios públicos que pagamos todas e todos.

A oposición en Galicia amosou un nivel de lealdade exemplar, de colaboración, e tamén agradecemos que o presidente da Xunta de Galicia mantivera conferencias telemáticas en varias desas conferencias ás que se nos convocou despois das reunións cos presidentes autonómicos —non en todas, pero si en varias, nalgunhas suspendeunas—. E quería reflectir aquí nesta cámara algunha serie de cuestións que nos parecen importantes.

En primeiro lugar, que o estado de alarma e o confinamento conseguiron que o virus circulouse pouco en Galicia, que iso supón unha vantaxe polo que pasou, pero tamén un risco para



o futuro, e que freamos a curva de crecemento dos contaxios co comportamento exemplar da nosa sociedade.

En segundo lugar, que esta crise amosa que chegamos á crise cun debilitamento no sistema sanitario público e cun debilitamento no modelo de servizos sociais, competencia da Xunta de Galicia, que fixo máis difícil moitas das cuestións e que é unha lección tamén a extraer. Hai que mudar as políticas de recortes na sanidade pública, hai que mudar a política de servizos sociais e de residencias, privatizadas nun modelo que o Partido Popular aplicou de forma continua. E, ademais, temos tamén que dotar de máis material as capacidades da Xunta de Galicia para afrontar a crise.

En terceiro lugar, cremos que a Xunta de Galicia non mobilizou os recursos e as capacidades que ten á súa disposición para facer fronte a esta crise; recursos económicos en amplos orzamentos, recursos europeos que se poden dedicar, recursos para apoiar os autónomos do país, recursos económicos para unha crise tan grave.

En cuarto lugar, cremos que o presidente da Xunta de Galicia, o señor Feijóo —vostede—, puxo a estratexia do Partido Popular por riba da estratexia de interese das galegas e dos galegos, o PP por riba de Galicia, e amosouno con claridade coa rolda de prensa —gravísima— que vostede mantivo este domingo opoñéndose á prórroga do estado de alarma, erro de gravidade que merecía unha rectificación e unha desculpa ante unha sociedade que está confiada e que está traballando.

En quinto lugar, unha saída á crise hai que facela co Estado do benestar, coas políticas públicas, coa acción do público.

Señores e señoras deputados, o venres 13 de marzo, ás tres e media da tarde, o presidente do Goberno comunicou en rolda de prensa, trasladada por todas as televisións, que ía declarar o estado de alarma e un confinamento no conxunto de España. Tres horas despois, o presidente da Xunta anunciou o estado de emerxencia sanitaria, reunindo o Consello de Goberno da Xunta e en rolda de prensa para toda a cidadanía. Esa é a realidade, vostedes non se anticiparon, non tiveron a capacidade de anticiparse ante a crise, e dicímoslles máis: nós, tampouco.

Evidentemente, se vostedes tiveran a capacidade de anticiparse ante unha pandemia como esta, tan grave, vostedes aínda serían máis responsables de que os profesionais sanitarios non tivesen os mecanismos de protección en todas as primeiras xornadas, do que pasou nas residencias, onde houbo contaxios masivos, algo que non ocorreu noutras institucións. Comparen vostedes o nivel de contaxios nas residencias de maiores en Galicia, competencia da Xunta, co nivel de contaxios que hai, por exemplo, nas prisións do Estado na comunidade autónoma galega. Compáreno, pénseno, reflexionen; algo pasou. Os expertos do propio comité que vostede sinala, señor Feijóo, dino con claridade: cremos que a circulación do virus foi moi baixa, puido circular tres ou catro días en Galicia antes do confinamento, e algún deles dío con claridade: *<<hemos tenido suerte porque íbamos con un decalaje de quince días con respecto a Madrid y el confinamiento impidió la circulación del virus>>*. O estado de alarma e o confinamento foron imprescindibles. Tamén a paralización da actividade económica non esencial, aquela á que vostede lle puxo tantas trabas, señor Feijóo, durante quince días.



E, por iso, é necesario entender o que pasou. ¿Onde están hoxe os focos de contaxios? Nos profesionais sanitarios e nas residencias de maiores, nas responsabilidades do Goberno da Xunta de Galicia, en sanidade e en políticas sociais. E por iso lle pedimos información de forma continua, e non quixo comparecer no Parlamento de Galicia para dar unha información por menorizada, que aínda hoxe o Goberno da Xunta non deu, sobre que aconteceu nas residencias de maiores, en cada unha delas; ¿que número de contaxios?, ¿que número de falecementos?, ¿como foi a entrada do virus?, ¿por que entrou o virus tanto nas residencias de maiores e conseguimos ter protocolos que funcionaron nas prisións do Estado? Algo haberá que explicar, algunha lección haberá que extraer, para acertar entre todos nunha situación tan complexa.

Propuxémoslle, señor Feijóo, moitas cuestións. Propuxémoslle atención e información aos concellos, e non atendeu os concellos de Galicia. Propuxémoslle contratos estables para todos os sanitarios dispoñibles en Galicia, que interviñese as residencias, axudas directas a autónomos, un programa especial para a hostalaría e o turismo, un plan para cultura, mascarillas gratuítas para os primeiros días de desconfinamento para a cidadanía galega e medidas para a educación, aquí onde vostede foi o último en enterarse da gravidade da crise para desconvocar a oferta pública de emprego, as oposicións, e aprazalas para cando se puidesen celebrar con seguridade.

Algunhas destas medidas vostede tentou collelas e traballou nesa liña, pero vostede non mobilizou todos os recursos dispoñibles da Xunta de Galicia, e iso é algo de moito calado, porque neste momento podemos saír por dúas grandes vías dunha crise como esta: pola vía conservadora, pola vía dos recortes, pola vía da falla de compromiso co Estado do benestar, pola vía das privatizacións e dos recortes en sanidade, que recortaron centos e centos de millóns de euros durante o seu mandato na sanidade pública galega, que deixou Galicia con menos camas hospitalarias e, sen dúbida, por iso houbo que facer previsións de esforzos para os peores escenarios, tamén de desatención a unha cuestión fundamental, a atención primaria, os médicos de cabeceira, que levan reclamando a atención e posibilidades, e para o que vostede non tivo nin orzamentos nin plan, nin compromiso.

E, por iso, hai que saír da crise con políticas distintas ás que vostedes plantexan e efectúan, co compromiso do Estado do benestar, co compromiso para a sanidade pública universal e gratuíta, co compromiso do público para impulsar a reconstrución do país. Ese é o mecanismo fundamental, e vostede, en vez de poñerlle trabas e paus nas rodas ao Goberno de España, debería recoñecer que, por primeira vez nunha crise de tanto calado, hai instrumentos que deseñou o Goberno que dan protección á cidadanía galega.

Os ERTE. Máis de douscentos mil galegos e galegas que teñen nóminas e ingresos para ter unha protección nestas situacións tan complexas. Máis de cincuenta mil autónomos teñen cada mes unha axuda, unha prestación extraordinaria que lles dea ingresos, algo que nunca ocorreu. ¿Que ocurría cando gobernaba o Partido Popular e había crises económicas? Desatención e olvidos aos autónomos, ás empregadas e aos empregados do fogar. Mecanismos de protección como nunca existiron.

Hoxe o Estado é máis importante que nunca. Hoxe unha maioría de galegos e galegas dependen nos seus ingresos directamente do Estado, do Estado que nos dá protección a todos, e, por iso, temos que defender o público, e vostede, cando con esa deslealdade e cinismo di



que o Goberno de España lle quita a Galicia cen millóns de euros, debe defendelos con razón, pero a renglón seguido recoñecer que cada mes en ingresos por prestacións sociais e por ERTE o Goberno de España adica a Galicia douscentos cincuenta millóns de euros, que ingresan os galegos e as galegas nas súas nóminas para non estaren desprotexidos, e iso non o facía o Partido Popular cando gobernaba en España. Esa é a realidade.

Polo tanto, a nosa receita para construír o futuro de Galicia é máis sanidade pública, cun novo plan de atención primaria, con máis profesionais sanitarios, con mecanismos dunha sanidade para o século XXI, que ten que ter máis autonomía e que ten que potenciar a atención primaria, que foi a grande olvidada, a gran danada por vostedes, que temos que facer unha nova política para a reconstrución económica e social.

E por iso hai que acadar un acordo de país; un acordo de país para a reconstrución, que xunte na mesa as forzas políticas nunha etapa interina en Galicia, porque vostede é hoxe o presidente dun goberno interino e nós somos representantes dunha oposición tamén en condicións de interina, porque se prorrogou o estado por unha situación moi complexa. Sente as forzas políticas para un acordo político; sente os axentes sociais, sindicatos e patronal, para un acordo social; e sente os sete alcaldes e alcaldesas das grandes cidades galegas, os catro presidentes e presidentas de deputación, e tamén o presidente da Fegamp...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...para ter un acordo político, social e territorial que permita mobilizar en Galicia dous mil cincocentos millóns de euros en proxectos para o ano 2020-2021 para atender esta crise.

Esa é a resposta que damos os progresistas cando se goberna en España, e a que queremos para Galicia. Hai esa posibilidade para mobilizar eses fondos, por proxectos non executados, por redimensionamento e redirección de fondos europeos, porque o Goberno de España está plantexando fondos distribuídos ao conxunto das autonomías, e iso é o que hai que facer.

Vostede, o domingo pasado, pasou unha liña vermella que non debería ter pasado. O estado de alarma, señor Feijóo, é un mecanismo constitucional para responder a crises sanitarias e epidemias, que, evidentemente, limita a mobilidade da cidadanía...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...e os dereitos de reunión, para poñer por riba o dereito á saúde e o dereito á vida. E vostede, na súa estratexia de confrontación, provocou o pasado domingo unha posición política que as galegas e galegos non queremos. Errou aliñándose nunha situación grave e hoxe non rectificou.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ¿Vostede cre, señor Feijóo, que todo o esforzo feito se pode poñer en risco por unha cuestión de interese do Partido Popular na confrontación? Defenda os intereses xerais, defenda a prórroga do estado de alarma, que permite defender...



O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...a saúde, que permite defender os dereitos... (*O señor Caballero Míguez pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Eu creo que é evidente que Galicia e España estamos a vivir un momento excepcional, único nas nosas vidas. E certamente este, como é un momento excepcional, require o marco no que estamos, recordar cal é o marco no que estamos. Isto pódese facer con datos e pódese facer tamén con avaliacións.

Eu, simplemente, quero recordar que este goberno progresista, que parece que non sabe distinguir o que é un cárcere ou unha prisión dunha residencia de maiores nin cal é o réxime dos que están dentro de cada un, e todo isto, pois este goberno progresista ten conseguido, como datos obxectivos da xestión da súa crise, que España sexa o primeiro país do mundo de casos por poboación contaxiada de coronavirus, co maior número de mortos por habitante, despois de Bélxica, que conta tamén os que non están por PCR —porque aquí se contan por PCR por indicación do Goberno de Madrid—, e ademais é o que ten o maior número de persoas de asistencia sanitaria infectadas.

Tamén son certos os datos de que Galicia, que está nese país que xestionan as forzas progresistas, non está igual. É certo que inflúen moitas cousas, desde a chegada do virus á dispersión ou á idade da poboación; unhas favorecen e outras non, como a idade de poboación ou o clima, que tamén se está manexando. Pero o certo é que hai un dato obxectivo que pode permitir facer equiparacións, que é a taxa de letalidade, que é a porcentaxe de falecidos sobre contaxiados. Galicia está rondando o 6 % e a media de España é do 11,74 %. E, precisamente, cito este dato porque a taxa de contaxiados, é dicir, as persoas contaxiadas que se salvan, ten moito que ver coa capacidade de asistencia sanitaria.

Certamente, unha comunidade máis envellecida e que ten unha taxa de mortos por contaxiado moito máis baixa o que ten é un sistema sanitario e uns profesionais sanitarios que funcionan moi ben, aos que, polo tanto, lles damos as grazas. Porque nesta situación o primeiro que hai que facer é darlles o noso respecto ás vítimas, aos mortos, ás súas familias, darlles todo o agarimo, consolo e solidariedade do que sexamos capaces, a eles, aos seus amigos, darlles ánimo a todos os que están pelexando contra a enfermidade e, por suposto, mostrar o noso agradecemento infinito a todos aqueles membros do persoal que traballan nos hospitais e nos centros de saúde, que están axudando as vítimas e toda a sociedade no seu conxunto, tanto os traballadores do público como do privado, que lles lembro que tamén grazas a eles podemos mercar comida, podemos ter medios de telecomunicación e outras



cousas esenciais que están estupendamente xestionadas polo mercado, polas empresas privadas.

A situación política é certamente inédita tamén, e este é outro dato do marco. Está gobernando lexitimamente, e por primeira vez en España, un goberno de coalición, un goberno de coalición entre os socialistas e Podemos–esquerdas unidas varias. Este é o Goberno que declarou o estado de alarma. O 24 de maio pasarán setenta días desde que vivamos en España a máis forte restrición de dereitos e liberdades de Europa, só equiparable aos estados de Hungría e de Polonia —que non son uns exemplos moi válidos en respecto a liberdades co resto do continente—, e que ese goberno é o que toma a decisión de centralizar todas as competencias coa declaración do estado de alarma. E o certo é que dese goberno forman parte tanto os socialistas —que supoño que vostedes apoiarán— como os de Podemos e Grupo Común da Esquerda —que supoño que vostedes defenderán—, así como que non forman parte dese goberno, pero apoiárono na investidura e seguen a apoialo, os nacionalistas que están presentes nesa cámara.

Polo tanto, aquí todos teñen responsabilidades na xestión, certamente máis os que centralizaron as competencias para dicir que as exercían, pero iso, polo menos, requiriría que por parte dos portavoces da oposición houbera algunha prudencia.

Piden pactos, que supoño que é que pactemos aquí co PSOE o que despois temos que pactar co PSOE en Madrid. Eu comprendo que isto a vostede lle pode chamar a atención, pero é unha cousa curiosa o que ás veces vostedes nos demandan.

O terceiro tema é o tema económico. Ese é un dato. Hai 900.000 parados máis e 3 ou 4 millóns de persoas en España en ERTE. En Galicia estamos con 25.000 parados máis que no ano 2019 no mesmo período do ano —e chegamos a 191.000—; e hai 234.000 persoas en ERTE. É un instrumento que, por certo, aplicou o Goberno socialista coa lei que aprobara o Goberno popular e que querían derrogar, a Lei, como saben vostedes, de reforma laboral.

O que vén encima o propio Goberno xa o ten dito —e ademais tamén ocultando información—. Por exemplo, no plan de estabilidade que mandan a Europa inclúen un déficit do 10 % e unha presión fiscal que vai chegar a máis do 50 % —e a presión fiscal está no marco da estabilidade—. E nin sequera inclúen os 16.000 millóns que dixeron que ían mandar ás comunidades autónomas.

Pois ben, podemos facer unha avaliación política do comportamento de cadaquén, porque é certo que en momentos de crise sabemos como se comporta cada un en relación coas institucións democráticas. Non lles vou contar, na historia constitucional, os debates entre Carl Schmitt, que defendía que a democracia viña de abaixo e que levaba ao líder, que foi o constitucionalista coa idea de que quen é soberano é quen declara o estado de excepción —era o que defendía ese autor—, e o que defendía Kelsen, que é o inspirador de todas as constitucións democráticas posteriores, que di que o pobo se autodetermina coa norma constitucional, que establece un marco de convivencia dentro de leis comúns e de liberdades e dereitos básicos respectados para todos. Vostedes coñéceno moi ben e saben perfectamente que por iso Europa está dicindo que os estados de emerxencia que outorgan competencias excep-



cionais deben ser substituídos por intervencións máis específicas para garantir a responsabilidade democrática e a transparencia. Iso é xusto o que estamos a pedir nós. E saben vostedes que o estado de alarma na Constitución precisamente require o apoio do Congreso para controlar o Goberno e que o Goberno non asuma ilimitadas competencias, e que a lei que o desenvolve di, no seu artigo 1.2, que a vixencia dos estados de excepción, incluído o de alarma, será o estritamente indispensable para garantir o restablecemento da normalidade —por certo, da normalidade, non da «nova normalidade»—. E iso é o que estamos a dicir, despois de que o meu partido en Madrid apoiase catro veces o estado de alarma no peor, na fase aguda. O que non se pode facer é que isto siga así, sen control parlamentario, sen medios de comunicación, ou controlando os medios de comunicación, controlando as redes sociais, contratando por emerxencia sen publicidade, modificando, coa lexislación de emerxencia, a composición do CNI, a despenalización das inxurias á coroa, suspendendo os prazos de instrución xudicial, que afectan un dereito básico, que é o da tutela xudicial efectiva, e así sucesivamente. Onte, os que apoiaron o estado de alarma dixéronlle claramente ao Partido Socialista e a Podemos que non pode ser indefinido e que, ademais, hai que exercelo doutra maneira.

Ben, se queren, comparamos co que se fixo en Galicia. Mentres o Goberno central aprobaba o decreto de alarma sen negociar, e mesmo facendo chantaxe e ameazando con sacar prestacións que non é necesario colgalas do propio estado de alarma, pois aquí en Galicia o único acto político importante que houbo que facer, que foi suspender as eleccións, fíxose tras negociar coa oposición e tras consultar a Xunta Electoral. Mentres que alí as Cortes, que estaban abertas, se pecharon un mes, aquí, co Parlamento autonómico, que estaba disolto e, polo tanto, pechado, o que se está a facer é abril. Mentres que alí dan roldas de prensa con preguntas controladas, o que leva a cincocentos xornalistas a protestar —e ademais perséguense as informacións negativas, que se equiparan cos bulos das redes sociais—, aquí o que estamos facendo pois son roldas de prensa abertas a todos os medios sen unha queixa. E a min paréceme que se asemella máis a *Aló Presidente* o primeiro modelo, desde logo, que o segundo. Como se asemella moito máis ao modelo *Aló Presidente* chegar a Televisión Española e facer unha purga de cen profesionais, cousa que nunca se fixo na Televisión de Galicia. Alí ameázase a oposición, fáiselle chantaxe, e incluso se usa a Fiscalía para presentar querelas contra ela por inxurias —precisamente coa lei que tamén quería derrogar esta esquerda progresista que nos goberna, ¿non?—. Aquí, polo que eu sei, salvo algún incidente en redes que, por exemplo, o outro día o señor Gonzalo Caballero denunciou, non houbo ningunha actuación dese estilo. E non falemos de transparencia. A Xunta, sempre coa páxina aberta e, como dixen antes, en Madrid pechada a páxina do Goberno. É dicir, transparencia e diálogo.

Vostedes din que o presidente non veu ao Parlamento. Ben, primeiro, temos un acordo polo que o presidente vai estar no Parlamento o dobre do que está nun período co Parlamento aberto —primeira cuestión—. Eu agradézolle ao presidente a súa disposición para poder acadar este acordo. Para que se fagan unha idea, se miramos para atrás, nestes meses só unha presidenta autonómica compareceu máis que o presidente da Xunta: a de Navarra. Dos quince restantes, dous —Castela e León e Baleares— compareceron o mesmo que o presidente. Mañá farao tamén o presidente vasco —e iso en parlamentos plenamente operativos—. No único caso equiparable a Galicia, que é o País Vasco —co Parlamento tamén



disolto—, o lehendakari compareceu dúas veces, pero alí non compareceu ningún conselleiro e aquí compareceron seis. E, por suposto, alí creo que teñen algunha videoconferencia e aquí tivemos sete.

Señorías, comparemos iso coas tres chamadas que lle fixo o señor Sánchez ao señor Casado e diremos que oposición está máis informada. Ou recordemos os pactos para aplicar o 155 en Cataluña e o partido que pactou coa oposición sen necesitala porque tiña maioría absoluta no Senado e quen concertou unha intervención nunha comunidade autónoma. E comparen co diálogo que está a ter o Goberno socialista coa oposición nun momento en que o estado de alarma se aplica a todo o territorio e no que a todas as comunidades se lles suspende a cuestión.

Se falamos de respecto ao Estado autonómico, eu creo que tamén podemos dicir algunha cousa. Na Conferencia de Presidentes, ¿como o avalía o señor Erkoreka, membro do Goberno vasco —que ademais forma parte do Goberno co PSOE—? Dixo: «*Se optó claramente por responder a la pandemia no a través de mecanismos ordinarios del Estado autonómico, sino al margen de ellos; incluso, si me apuran, en contra de los mecanismos propios del Estado autonómico. Se optó por concentrar el poder, todos los poderes del Estado, en el centro, dando por supuesto que la estructura descentralizada no es útil para afrontar con éxito un desafío de tamaño envergadura*». O señor presidente de Cantabria, que tamén goberna con vostedes e que non é nacionalista, dixo cousas moi parecidas. Por certo, moi coherentes co que di o Partido Socialista en Galicia. Tweet de Pablo Aranguena do 13 de abril do 2020: «*Si en esta crisis el Gobierno tuviese que consensuar sus decisiones con las diecisiete comunidades autónomas, como quieren los barones del PP, incluido @FeijóoGalicia y los nacionalistas, es obvio que no se decidiría nada*».

Ben, a min gustaríame saber se esta é a visión do Estado autonómico que teñen os socialistas en Galicia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...e se o BNG quere gobernar cun PSdeG que ten esta visión do autogoberno. Ás Mareas non lles digo nada porque xa sabemos que unhas veces queren provincias e outras veces queren áreas sanitarias.

Señor presidente, nós certamente pensamos que unha das cuestións máis importantes que se está a facer nesta crise —e digo que é o sentir propio do grupo e creo que da maioría dos galegos, e pola que estamos orgullosos— é unha xestión que non é triunfalista, que é prudente, que permitiu anticiparse, ser eficaz, e que ademais se fixo con diálogo. Pero, sobre todo, eu atreveríame a dicir que o máis importante da xestión durante estes días foi que se fixo con respecto á democracia, ás institucións, con lealdade ao Goberno de España, con respecto ao Parlamento de Galicia e respectando as competencias autonómicas, unha resposta racional para vencer unha pandemia que segue entre nós e que, evidentemente, require unha resposta razoada e non unha resposta improvisada.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.



(Pausa.) (Unha persoa dos servizos da Cámara procede a limpar o estrado.)

Ten a palabra o señor presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Moitísimas grazas ao persoal do Parlamento por manter as condicións hixiénico-sanitarias que requirimos na situación na que estamos a vivir.

E grazas, dunha forma moi especial, ao portavoz do grupo maioritario, porque creo que é unha manipulación —que creo que o Parlamento non merece— o interese dos grupos da oposición en dicir que o presidente non comparece, que o presidente non informa e que o presidente está ausente. Simplemente creo que non o merezo, porque simplemente é unha falsidade. E é unha falsidade, ademais, notoria. Creo que os galegos deben saber que na maioría das ocasións, despois das conferencias de presidentes, o primeiro que fago é chamar os grupos da oposición e informalos. Certamente, o señor Caballero deslizou que os informaba e que en dúas ocasións non o fixen. E o certo e verdade é que ocultar este dato de forma solemne no Parlamento é algo que creo que non merece a Cámara. Non merece o desprezo cara aos galegos dicir que o presidente da Xunta de Galicia non informa os grupos da oposición.

Efectivamente, hai poucos presidentes en España que compareceran no Parlamento, a pesar de que neste momento este Parlamento está disolto e que nos movemos na Deputación Permanente. E tamén é sorprendente porque nas últimas sete semanas comparecín cos grupos en seis ocasións. Paréceme sorprendente que máis da metade do Goberno da Xunta de Galicia comparecese na Deputación Permanente e iso non se diga. Incluso un portavoz veu falsear a realidade cando di que non dámos información sobre as residencias, cando nada máis e nada menos que compareceu a conselleira de Política Social, da que dependen as residencias. Paréceme algo sorprendente que os grupos parlamentarios non acepten que o Goberno compareceu máis veces, e que os membros do Goberno compareceron máis veces, que o que pediron os propios grupos da oposición.

En consecuencia, non creo, señorías, que merezamos ese trato. Agora, vostedes saberán o que fan, e saberán cal é a súa forma de entender a política. Pero creo que mentir en sede parlamentaria é algo especialmente grave.

Por tanto, señorías, alá vostedes e a súa conciencia. Eu, dende logo, respondo ante o Parlamento e ante Galicia, e hónrome en ser o presidente, nos últimos corenta anos, que máis veces contestou á oposición —nos meus anos e, con independencia dos anos que levo de presidente, en cada período de lexislatura de catro anos consecutivos—.

Comprendo que iso a vostedes non lles importa, porque a vostedes o que lles importa simplemente é coller os seus argumentos, e, simplemente, entre a verdade e a mentira dálles



igual. Se a mentira vai en contra dos seus argumentos, non importa, o importante son os argumentos e non a verdade.

Aquí falouse de sanidade, falouse de residencias, falouse de temas económicos e, despois, dun conxunto de cuestións que non deixan de sorprendernos. Pero, en fin, imos intentar falar dos temas que creo que poden interesar aos galegos, como é o tema da sanidade. Aquí veuse dicir que hoxe temos menos profesionais que cando chegamos ao Goberno, e hoxe temos 3.547 profesionais máis que cando chegamos ao Goberno. Mais durante a pandemia fixemos 1.700 contratos de distintos profesionais para acudir á presión asistencial que tivemos durante todo este tempo.

Díxose que diminuíramos o presuposto sanitario. E o presuposto sanitario creceu un 13 % dende que chegamos ao Goberno —470 millóns de euros—. Incluso se dixo que as camas no Servizo Galego de Saúde diminuíran, e que para cumprir os datos que require o Goberno central necesitamos computar as camas dos hoteis. Simplemente é unha falsidade, unha máis das que se plantexan por parte da portavoz do BNG. Hoxe temos 520 camas máis que cando chegamos ao Goberno. E pregunto que sería sen este Goberno na cidade de Vigo, ou na cidade de Lugo. ¿Que ocorrería se este Goberno non fixese o hospital de Vigo? ¿Que lle ocorrería á poboación máis grande de Galicia se este Goberno non executase o hospital máis grande que se fixo en España na última década, o hospital público Álvaro Cunqueiro? ¿Que ocorrería se no hospital de Lugo non equipásemos completamente ese hospital e fixésemos en plena crise económica o equipamento máis completo que nunca tivo a provincia de Lugo? ¿Que ocorría se non tivésemos un hospital novo completo de hospitalización, un edificio completo, na cidade de Ourense? ¿Que ocorrería se non multiplicásemos por dous a superficie hospitalaria do hospital da Mariña lucense? ¿Que ocorrería se no hospital do Salnés non incrementásemos un 40 % a superficie hospitalaria dese hospital? ¿Que ocorrería, señorías, se tivésemos a sanidade pública como vostedes a deixaron, tanto en recursos humanos como en recursos materiais, como en presupostos, como en infraestruturas? ¿Que ocorrería, señorías, se non tivésemos 1.137 enfermeiras máis que cando chegamos ao Goberno? ¿Que ocorrería, señorías, se non incrementásemos os quirófanos un 37 % máis que cando chegamos ao Goberno? ¿Que ocorrería, señorías, coa sanidade que vostedes deixaron e cos 2.000 millóns de euros de débeda que vostedes deixaron e que tivemos que pagar durante os nosos anos de goberno? Señorías, iso é o que creo que lle interesa á xente. E como o que lle interesa á xente é a obriga do presidente da comunidade autónoma, ao presidente da comunidade autónoma sempre lle gustará falar de sanidade en calquera circunstancia.

Pero se había unha forma de tensionar a sanidade ao máximo, se había un momento no que habería que concretar cal é a valoración da sanidade pública dun país, é xustamente durante unha pandemia. Sométome á consideración de calquera servizo de saúde, tanto na porcentaxe de falecementos por contaxio —taxa de letalidade— como na porcentaxe de falecementos por ingresos hospitalarios, que é como se mide a calidade do sistema sanitario. ¿Cantos falecementos tivemos por ingreso hospitalario dentro das tres comunidades autónomas con menor incremento de falecementos? ¿E cantos falecementos tivemos en función do número de contaxios dentro das tres comunidades autónomas —incluídas Ceuta e Melilla como comunidade autónoma; se non, seríamos probablemente a primeira comunidade autónoma con menos falecementos por número de contaxiados en España—? Aí vese clara-



mente a aposta pola sanidade pública, que non é simplemente vir aquí contar o conto de María Pipa sobre a sanidade pública do país. Señorías, estou moi orgulloso da sanidade do meu país, estou moi orgulloso dos hospitais que fixemos e dos que estamos a facer, estou moi orgulloso de que durante a crise sanitaria licitáramos o hospital público de Montecelo, de Pontevedra. Estou moi orgulloso de que durante a crise sanitaria desbloqueáramos a execución da obra do hospital de Ferrol, que simplemente tivemos que discutir se nos deixaban seguir facendo o hospital público de Ferrol. E estou moi orgulloso, señorías, de seguir avanzando noutras obras, como o hospital público da Coruña.

Isto, señorías, ocorreu durante a pandemia, por iso o mantra da sanidade xa non é crible, señorías. O mantra da súa sanidade, desa sanidade que collemos sen hospitais novos, desa sanidade coa que, despois de tantos anos e de tanto diñeiro, vostedes miraban para outro lado e que nós tivemos, durante a crise sanitaria, que reconstruíla, ampliáala e melloraláa.

Fálase tamén — algo interesante — de como ocorren os problemas nas residencias da terceira idade. Acaba de saír un organismo dicindo que en Europa máis do 50 % dos falecementos proceden das residencias da terceira idade. En España os mortos con coronavirus ou síntomas de coronavirus nas residencias foron o 67,25 %; en Galicia, 18 puntos menos. Creo que este é un dato o suficientemente claro para valorar como funcionan as residencias na Comunidade Autónoma e como funcionaron as residencias no conxunto do país. Pero o certo e verdade é que o outro mantra é que o Partido Popular de Galicia, o noso Goberno, privatizou as residencias. ¡Dígame unha! Dígame onde privatizamos as residencias. Seguimos coa mesma normativa que o Bipartito sobre as residencias, non cambiamos nin unha coma. Dígame cales son as residencias privatizadas polo partido do Goberno.

Mire, señoría, o que fixemos coas residencias foi anticiparnos na súa protección. Dende o primeiro momento, o 10 de marzo, limitamos as visitas ás residencias de maiores e aos centros con discapacidade. Suspendemos os ingresos novos nas residencias, suspendemos toda a actividade dos centros sociocomunitarios e dos centros de día, cinco días antes de que o Goberno de España actuase. E suspendemos a actividade presencial nos puntos de encontro familiar, nos centros de asesoramento á xuventude, etc. Incrementámoslles a 12.500 persoas a axuda no fogar —12.500 persoas—. Aprobamos o Plan de continxencia social con tres iniciativas: o seguimento telefónico e a repartición de comida a 14.400 persoas maiores con discapacidade usuarias dun centro de día que tivemos que pechar; puxemos a funcionar un teléfono social, o 900 400 800, onde atendemos a calquera persoa en situación de especial necesidade ou vulnerabilidade, con atención psicolóxica, acompañamento a domicilio, resolución de dúbidas, etc.; e colaboramos estreitamente cos servizos sociais municipais habilitando servizos extraordinarios de axuda no fogar e de alimentación a domicilio.

Falan, os señores portavoces e a señora portavoz que interviñeron en nome dos seus grupos parlamentarios, da privatización. E soamente darei un dato. Estudamos como funcionan os grupos da oposición, cando gobernan os concellos, con estes servizos de axuda no fogar. Os concellos galegos teñen servizos externalizados de axuda no fogar con xestión privada. En Galicia a media é do 39,6 %. ¿Cantos nos gobernos dos concellos do PSOE? O 45,5 %. ¿Cantos nos gobernos municipais do BNG? O 46,6 % privatizados. ¿Cantos nos gobernos do Partido Popular de Galicia? O 29,8 %. Agora resulta, señorías, que os que din que privatizan son re-



almente os que privatizan. E o Partido Popular cando goberna é realmente o que mellora a saúde pública, o que fai hospitais, o que incrementa as camas, o que incrementa os quirófanos, o que incrementa os centros de saúde e o que pon máis diñeiro para as políticas sociais.

¡Claro que nos adiantamos, con total contundencia! E é sorprendente que os representantes de Galicia non estean orgullosos de que nos adiantásemos. O día 13 de marzo, no ámbito das residencias tivemos un protocolo de actuación dez días antes que o Goberno central, que non sacou ningún no ámbito das residencias. O 25 de marzo puxemos en marcha as primeiras residencias integradas de España. Non existía ningunha en ningunha comunidade autónoma. E despois viñeron Aragón, País Vasco e Comunidade Valenciana. O día 30 de marzo anticipámonos e interviñemos as residencias. Foi a primeira comunidade autónoma de España. Despois veu Madrid. Tutelamos todas as residencias da terceira idade desde o punto de vista sanitario e interviñemos cambiando xestores e poñendo os xestores elixidos pola Administración pública.

Señorías, os casos activos en usuarios das residencias, de positivos nas residencias, á data de hoxe é do 1,7 % —417—. Hoxe a maioría das persoas que contraeron o virus nas residencias da terceira idade abandonaron o virus, e, despois de realizar un test en todas as residencias da terceira idade, acreditamos que só o 1,7 % das 25.000 persoas que viven en residencias da terceira idade e de discapacidade teñen o coronavirus, o 1,7 %. Os usuarios falecidos foron 266, señorías —132 nas residencias e 134 nos hospitais—. Dicímolo todos os días.

Por iso, señorías, dicir que ocultamos os datos... ¿Que datos se imputan aquí, se fomos a primeira comunidade autónoma que demos os datos dos falecidos diariamente? E os datos dos falecidos de residencias —primeiro, os martes e os xoves, e agora diariamente— mandámoslos a Madrid. E aínda non coñecemos por que o Goberno socialista e de Podemos oculta os datos dos falecidos nas residencias en España. Señores portavoces de Podemos e do PSOE, ¿por que vostedes ocultan os datos dos falecidos nas residencias en España? ¿Por que non os fan públicos? ¿Por que non os coñecemos? ¿Por que non temos dereito a coñecer canta xente morreu nas residencias e os provenientes das residencias nos hospitais públicos? Aínda despois de oito semanas descoñecemos eses datos.

Imos seguir traballando e imos seguir, sen dúbida, traballando neste problema, porque é un problema fundamental para nós. Pero dise que nas residencias se contaxiou a xente. Efectivamente, señorías, e nas casas, e nos centros de traballo, e nos bares, e nos centros sanitarios, e na Moncloa, señorías. E agora resulta que é sorprendente que a xente se contaxie nunha residencia. O que sería sorprendente, señorías, é que as persoas maiores con dificultades respiratorias e con patoloxías moi complexas non fose o persoal máis vulnerable e de maior risco. Pero dicir que en Galicia, cunha poboación de 25.000 persoas residentes e o 1,7 % de positivos, fixemos unha mala xestión nas residencias non é un insulto ao Goberno —a iso estamos acostumados—, é un insulto aos traballadores das residencias, é un insulto aos médicos, aos xeriatras, á enfermería; é unha falta de respecto a tanta xente que traballou para protexer a saúde dos nosos maiores e non dar un maior por perdido.

Acreditamos —e os medios de comunicación así o testemuñan— que o persoal sanitario e o persoal das residencias foi quen de dar altas hospitalarias a persoas centenarias no país; a



persoas de máis de 100 anos, de 102, de 104 anos. Non demos nunca unha vida por perdida, e en Galicia nunca houbo que elixir a quen se lle poñía un respirador porque sempre houbo respiradores suficientes. ¿Por que non dan datos das residencias vostedes, que veñen falar aquí en nome dos maiores? Miren, como non sabemos os datos —que vostedes os ocultan—, resulta que temos que coller distintas fontes —o diario *El País*, o diario *La Voz de Galicia*, a axencia de noticias Europa Press— e intentar saber se isto é certo ou non é certo. Os datos últimos que se manexan en España son que hai máis de 17.370 falecidos nas residencias. Se collemos a poboación que lle correspondería a Galicia, dado o número de persoas maiores que temos nas residencias, a Galicia corresponderíalle unha mortalidade de máis de 1.400 persoas, e non chegaron a 260. Non creo que deban vostedes falar das residencias, salvo que lles dea exactamente igual a verdade que a mentira. Pero creo que na pandemia a verdade ten que estar moi por riba de calquera mentira partidista, e sobre todo de intentar confundir a xente, porque a xente non merece confusión senón que o que merece é claridade.

Señoría, non teña vostede ningún problema, señora Pontón. Eu por suposto que vou traer a esta Cámara as propostas que teño para o meu país. E, para non facer propostas partidistas, o primeiro que fixemos foi constituír, das universidades, das principais empresas de Galicia, da maioría das empresas galegas —que son as empresas familiares—, dun expresidente da Comunidade Autónoma, en definitiva, un conxunto de persoas plurais con distintos plantexamentos e con distintas experiencias para concretar exactamente que é o que debemos de facer. E o que debemos de facer, en primeiro lugar, é dar liquidez; en segundo lugar, é propoñer unha serie de medidas laborais; en terceiro lugar, preocuparnos pola solvencia; e, en cuarto lugar, con todos estes argumentos, facer un plan de reactivación do país. E por ese camiño imos seguir traballando.

Mire, señoría, eu podería reunirme con vostede simplemente para charlar, pero creo que, cando se trata dunha situación límite como na que estamos vivindo, e da situación límite que aínda imos vivir con maior intensidade nas próximas semanas e nos próximos meses —que lamentablemente estamos ocultando a realidade laboral, a realidade, presupostaria, a realidade do déficit e a realidade da débeda pública, e estámoslle mentindo á Unión Europea—, cando vivamos todo isto, o que necesitaremos é non discutir aquilo que xa acordamos. E o traballo da comisión de expertos é un traballo moi sólido que vostedes desprezan e eu, dende logo, poño en valor. E en canto a comisión de expertos propón unha liña de traballo o primeiro que fago é remitila ao Goberno de España, aos axentes sociais e por suposto aos grupos parlamentarios. ¿Hai máis lealdade ca esa? ¿Hai máis lealdade nun presidente autonómico que intentar traballar cun Goberno de España que nada ten que ver co meu partido, cunha coalición entre o Partido Socialista e Podemos, e mandarlles ás ministras de Podemos e aos ministros do Partido Socialista todo o que nós intentamos concretar e priorizar no noso país? ¿Pode haber máis lealdade cun goberno, que é o meu Goberno de España, que trasladar exactamente cales son as medidas que entendemos que debemos implementar? ¿Hai máis enfrontamento co Goberno central? Menos mal, señoría, que as ministras do Goberno de España agradecen —por carta— as propostas que lles fago e que lles facemos dende Galicia ao Goberno de España. Parece que a vostede iso non lle vale para nada. Consulte cos seus ministros e ministras, que igual teñen unha opinión distinta á súa.

Por tanto, cando teñamos pechado ese traballo de reestruturación, o traballo de reacomodación das partidas presupostarias, o traballo da priorización das cuestións de liquidez e das



cuestións de axuda aos autónomos, como temos neste momento e como seguiremos implementando, é cando nos temos que sentar para concretar exactamente que é o que podemos facer co presuposto da Comunidade Autónoma.

O primeiro é non diminuílo, o primeiro é non confiscalo. O segundo é que, se hai diñeiro —que xa era hora, España vai recibir máis de 150.000 millóns de euros da Unión Europea, e deses 150.000 millóns de euros da Unión Europea ás comunidades autónomas nos van dar 16.000—, a pregunta é: ¿isto é proporcional, considerando que somos o 50 % do gasto público de España? Eu saúdo ese primeiro fondo de 16.000 millóns, pero o que teñen que explicar vostedes é por que se vai distribuír desa forma. ¿Por que a poboación de Galicia só vai ter un valor do 28 % para distribuír ese fondo? ¿Cales son as súas propostas, as propostas destes grupos que gobernan en Madrid de forma directa no Goberno ou con apoios parlamentarios continuados?

Por iso, señora Pontón, imos traballar, por suposto —a min gustaríame, cuestión distinta é que se poida conseguir—, cos expertos, cos sindicatos, cos axentes sociais e cos partidos políticos.

Pregunta a señora Pontón por que non esperamos un tempo ata coñecer o contido e o alcance do test epidemiolóxico que plantexamos. ¡Pero, señora Pontón, se o acabamos mañá! Mañá acabamos o test epidemiolóxico. ¡Pero se xa temos máis de 45.000 testados! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Home!, con 45.000 testados, ¿como non vou saber os 45.000 testados que temos? Sería sorprendente que fagamos tests e que non saibamos que dan os tests. Por iso é sorprendente que se me diga como podo plantexar ao Goberno de España unha proposta de desescalada e automaticamente se me critique por non traer a proposta de desescalada ao Parlamento. ¿En que quedamos, señorías?

Critícanme os señores da oposición que gobernan en Madrid que non fago unha proposta de desescalada. ¿Para que? ¿Cren vostedes que eu debo facer unha proposta de desescalada simplemente para que me entere da proposta de desescalada obrigatoria en Galicia pola televisión, que é exactamente o que fan vostedes, que gobernan en Madrid? Pola televisión vemos a proposta de desescalada e aquí imos tomar a decisión de que de Padrón a Pontecesures non se pode cruzar. Xa clarificaron os meus veciños dos Peares exactamente cal é a proposta de desescalada do Goberno de España. Resulta que menos mal que xa non vivo nese pobo, porque non podería ir nin sequera a ningunha outra casa, porque, cruzando o río Sil, automaticamente entraría na provincia de Lugo. ¿Pero vostedes cren que a proposta de desescalada dun país é o deseño administrativo de 1833, do século XIX? ¿Imos ir ao século XIX para tratar unha pandemia do século XXI? ¿Esa é a súa proposta de desescalada, señorías? ¿Esa é a proposta que votades defenden? ¡Alá vostedes! Eu defendo unha proposta de Galicia, e aí non me importa quedarme só, porque quedar con Galicia sempre é unha excelente compañía.

Mire, señor Sánchez, di que vén vostede aquí falar dos traballadores. ¿Que ocorre, que nas nosas familias non hai traballadores? ¿Aos traballadores só os defende vostede? Estarían moi mal defendidos. Os traballadores, a maioría dos traballadores, deciden libremente a quen votan, e cando a vostedes lles dan a minoría, pois, evidentemente, é porque os traba-



lladores non están confundidos. Os traballadores deciden a quen votan, e agora dáse conta vostede de que a clave da sanidade pública son os traballadores da sanidade pública. Nós si nos demos conta, e por iso os incrementamos en máis de 3.000 durante a plena crise económica que vivimos.

Fala vostede dos *oropeles*. Mire, non me escoitará nunca dicir que *España está en la gama alta de la gestión de la pandemia* con 25.000 mortos, señoría. Iso déixollo para o seu goberno e para o seu partido.

Fala aquí da Radio-Televisión Galega, ¡alá vostede!, señoría. Estabamos falando da pandemia. Eu non teño ningún inconveniente en falar diso, pero permítame que lea este parágrafo de Podemos: «*Lo que no puedo entender —lo leo en castellano porque está así explicado— es que no haya una sola diferencia entre Canal Sur cuando gobernaba solamente el PSOE o cuando gobierna Izquierda Unida. Si el Gobierno depende de ti, tú tienes que exigir un mínimo de horas. Eso vale más, con todos los respetos, que la Consejería de Turismo. Dame los telediarios, uno de los telediarios del día, y tú te dedicas a gestionar los campos de golf*». O señor Pablo Iglesias dixit. Cito textualmente.

Vén vostede falar aquí da Compañía de Radio-Televisión Galega, que é líder de audiencia en Galicia durante toda a pandemia. No ano 2013 tamén dixo: «*Que existan medios privados ataca la libertad de expresión*». ¡Ah, señorías, xa entendemos! Esas ideas do seu líder materializáronse claramente grazas á debilidade do señor Sánchez na Radio Televisión Española. ¿Sabe que vostede, o seu partido, conseguiu a maioría do Consello de Administración en Radio Televisión Española? É curioso que veña vostede falar aquí de medios públicos. ¿Iso é o que entenden vostedes por despolitizar os medios públicos? ¿Iso é o que entenden por facelos independentes, aínda que sexan dirixidos directamente por un partido político? Acabamos de velo tamén nesta crise con toda esa polémica respecto do suposto control do Goberno, das voces críticas, nas redes sociais. Isto dará para moito, señorías. Explicar o estado de alarma no noso país, como se levou e con que criterios se concretou dará para moitos meses e probablemente para moitos anos, e quedará reflectido para sempre cal é realmente a ideoloxía de cada un.

¿Este é o modelo de información que vostede me propón para a Compañía Radio-Televisión Galega: nada de medios privados, e os medios públicos exclusivamente xestionados polo Goberno? Iso é o que vostedes entenden por liberdade e imparcialidade dos medios públicos. Mire, señoría, pode vostede levar a camiseta que considere oportuna, pero isto é a realidade e hai moitísima máis xente que debería levar esa camiseta simplemente para protexer a súa liberdade nos medios públicos do seu partido político.

Señoría, di que non inspeccionamos as residencias. Levamos feitas 37 inspeccións desde o 12 de marzo de 2020. Cada inspección corresponde a unha residencia, a un fogar residencial, a unha vivenda comunitaria diferente. Agora estamos outra vez co mantra. ¿Cal é o seu modelo de residencias exactamente? ¿Cal é?, ¿o dos nacionalistas? ¿Podemos ver cantos falecidos houbo en comunidades autónomas xestionadas por partidos nacionalistas? ¿O dos socialistas? ¿Podemos concretar exactamente cales son os falecidos nas comunidades autónomas xestionadas durante corenta anos por gobernos socialistas? ¿Ou queren vostedes va-



lorar como se xestionan as residencias no Reino Unido, en Italia, en Bélxica, en Francia? Señoría, pero ¿por que exactamente? Claro que as residencias teñen que mellorar, por suposto; e claro que temos que facer unha reorientación sociosanitaria das residencias da terceira idade. Pero, ¿que teñen vostedes contra os traballadores das residencias da terceira idade? ¿Realmente vostedes cren que eses traballadores non coidan a xente? ¿Vostedes cren realmente que co 1,7 % de contaxiados de 25.000 eses traballadores non merecen un respecto? Se hai residencias puntuais que non seguiron os protocolos, por suposto que serán non só investigadas, que xa o están, senón que serán, loxicamente, sancionadas, no caso de que a Inspección así o concrete. Imos seguir traballando con respecto a iso, non teñan vostedes ningunha dúbida.

Mire, cando fala vostede de datos, señor Sánchez, é, cando menos, sorprendente, igual que cando fala de tests. Cando fala de tests, vostede, como representante do partido que está no Goberno en Madrid, debería ter un pouco máis de respecto polos tests que fixemos en Galicia, que son 177.000, máis 50.000 tests epidemiolóxicos; e acabo de anunciar 400.000 tests á disposición dos galegos, 100.000 xa nas dependencias da Consellería de Sanidade. Acabo de dicir que fixemos tests ao cen por cento dos maiores en todas as residencias e que testamos 26.000 profesionais da sanidade, todos —entendo— os que tiñan que ver co circuíto coronavirus nos hospitais. E imos testar o resto dos profesionais, pero non só os profesionais, senón tamén xente da limpeza e dos traballadores que están nos centros sanitarios. Tamén acabamos de plantexar que probablemente o Servizo de Microbioloxía do Hospital Álvaro Cunqueiro presente a técnica máis innovadora para facer tests masivos a fábricas, a centros de traballo..., en definitiva, para ter unha Galicia máis segura.

Señor Sánchez, sorpréndeme —probablemente porque vostedes non ven as videoconferencias— que me fale vostede de por que non presentamos unha proposta de desescalada. ¡Pero se vostedes saben perfectamente que todas as propostas que presentamos as comunidades autónomas foron simplemente esquecidas! Algunhas das propostas foron admitidas, e quero agradecerlo, como, por exemplo, que os nenos poidan saír da casa, que se poida facer deporte ou que haxa que saír en franxas horarias para protexer os maiores vulnerables. ¡Pero se as propostas de desescalada foron anunciadas por televisión todas e cada unha das veces que se tomaron decisións! ¡Pero se todos os presidentes autonómicos, ao final, o que facemos o domingo é escoitar unha rolda de prensa abreviada do presidente do Goberno, que previamente xa deu o día anterior! Pero nisto coincidimos todos, incluídos os líderes do Partido Socialista que teñen criterio, señoría, porque un presidente dunha comunidade autónoma ten que ter criterio, con independencia do goberno ou do partido que estea no goberno en cada momento.

Sopréndeme que vostede me veña dicir aquí como representante de Podemos, que ocupan a Vicepresidencia segunda e varios ministerios, por que as comunidades autónomas non fixemos os plans de desescalada. Simplemente porque nolo impediron, entre outras cousas, por ese estado de alarma que vostedes fervorosamente defenden, que iso tamén, como é natural, dará lugar a bastantes reflexións para sinalar a biografía de cada un dos políticos que estivemos durante a pandemia.



Señor Caballero, comprendo que as roldas de prensa de Televisión Española son roldas de prensa para transparencia e información, e as roldas de prensa na TVG son roldas de prensa de manipulación. Quedou claro. Mire, na TVG as roldas de prensa normalmente as fai o presidente da Xunta en tres ocasións: despois das reunións do Comité clínico, despois das reunións do Consello da Xunta —parece razoable— e despois das reunións da Conferencia de Presidentes. ¿Cal desas cre vostede que non debo de facer? (*O señor Caballero Míguez pronuncia palabras que non se perciben.*) ¿As do Comité clínico? (*Murmurios.*) Ben, pois xa temos unha resposta. Polo tanto, parécenlle ben a maioría das roldas de prensa que dou. Esta semana, como consecuencia de que viña ao Parlamento, xa non dei a rolda de prensa do Comité clínico. Xa estamos de acordo, señor Caballero.

Por tanto, debo de dar roldas de prensa do Consello —grazas por esa autorización— e incluso tamén debo de dar as roldas de prensa da Conferencia de Presidentes —grazas tamén por esa autorización—, pero a vostede parécelle mal que diga cales son os criterios sanitarios do país, que previamente sinala o Comité clínico. Esa é unha forma, como é natural, de entender en que consiste o Comité clínico. Por iso entendo que vostede di que constituíu un comité clínico. ¡Se total non lle vai facer caso!, ¿para que? Se o comité clínico dun país se coñecera con nomes e apelidos e o comité clínico dese país tivera a altura que o país require desde o punto de vista sanitario, estaríamos nunha mellor situación neste momento, señoría. Pero, mire, eu non vou ler as cousas que dixo o presidente do Comité clínico: «*Esperemos que no haya transmisión local; si la hay, será limitada y muy controlada*» —*el señor Simón, 31 de enero*—. 28 de febrero: «*El riesgo está limitado, no hay ninguna razón para cambiar de escenario porque el riesgo está perfectamente delimitado*». 26 de febrero: «*De momento habrá Fallas en Valencia*». Ben, ¿que lle parece este presidente do Comité clínico? «*Cerrar colegios aumentaría los riesgos*» —4 de marzo—. «*La manifestación no será un problema*» —8 de marzo—. ¿Señoría, este é o seu Comité clínico? O meu non. O noso Comité clínico díxonos que o día 13 había que pechar e que o día 12 tiñamos que pechar as escolas, e así o fixemos.

Pero, mire, señoría, o 27 de febreiro constituíuse a Comisión do coronavirus do Goberno de Galicia —27 de febreiro—. Quedou constituída a Comisión interdepartamental —presidida polo vicepresidente da Xunta— do coronavirus en Galicia. ¡27 de febreiro, señor Caballero!, apunte a data. E móstrese a favor de que actuamos con anticipación. O 1 de marzo, 13 días antes do estado de alarma, contratamos máis de 66 persoas e compramos os primeiros respiradores para incrementar as UCI un 72 %. O 10 de marzo tomamos medidas de control similares ás das comunidades autónomas que tiñan os focos máis importantes. O 12 de marzo decretamos o peche dos centros educativos, todo isto antes de que saíra o mando único. E o mando único sae o día 13 para dicir que vai aprobar un estado de alarma que se publica cinco minutos antes do día 15 de marzo. ¿Algún primeiro ministro en Europa sinala que vai aprobar un estado de alarma con 24 horas ou 48 horas de anticipación a aprobalo? Estampida da Comunidade de Madrid cara a Galicia; estampida de miles de persoas da Comunidade de Madrid cara ao resto dos territorios do país. ¿Ese é o seu modelo, señoría, de anticipación? Non, señoría, penso que vostede está nun erro e sería bo que lle dixera a Galicia que este tipo de cousas as fixemos cunha anticipación. Creo que non é un tema menor, pódollo asegurar.

Mire, señoría, nós non ocupamos a televisión con conselleiros, directores xerais..., non, para iso xa están as canles de Televisión española, todos as súas canles, e o resto das emisións



da radio pública. O PP non ten ningún inconveniente en que o seu presidente —vostede acaba de darlle autorización— informe no Consello da Xunta. Mañá reunímonos, espero poder facer a rolda de prensa, e o domingo volvémonos reunir coa Conferencia de Presidentes, e espero tamén poder facer esa rolda de prensa para informar o noso país.

Claro que nos anticipamos, señoría, e por iso é sorprendente que veña vostede dicir que sobre o tema das residencias non comparecemos. Pido desculpas á señora Pontón, que creo que non foi ela exactamente a que o dixó, vostede si. Resulta que vén a conselleira de Política Social... Vostede creo que non viu (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)... Pois, ¿entón? Entendín que era un erro. ¡Ah, non!, non era un erro, vostede é perfectamente consciente do que di. Todo o mundo pode cometer erros, señoría, pero se ser consciente é falsear no Parlamento a súa conciencia e a miña non son compatibles.

Señoría, di que non plantexamos unha proposta para a cultura e para o turismo. ¿Como que non? Antes que o Goberno de España. Di que non informamos os concellos. Dende o primeiro día está o presidente de todos os alcaldes e presidentes de deputacións no noso órgano de coordinación. ¿Que ocorre, que o presidente da Fegamp —do Partido Socialista— non ten os suficientes galóns para representar os alcaldes do país? ¿Que pasa, que o presidente da FEMP pode representar os alcaldes de España e o presidente da Fegamp non pode representar os alcaldes de Galicia? ¡Pero, señor Caballero, sexa vostede autónomo e teña criterio propio para poder dirixir, ou polo menos intentar dirixir, o seu partido! Sería fundamental.

Puxemos á disposición dos concellos millón e medio de mascarillas, cando o Goberno de España non existía. ¿E por que nós, señoría, se non temos o mando único? Catro millóns á disposición dos traballadores que ían traballar a partir do luns. ¡É que non había nin unha mascarilla dispoñible no mercado! Catro millóns de mascarillas, e 2.200.000 gratis dende hai uns días nas farmacias do país para 700.000 galegos que teñen recursos básicos ou recursos contidos, porque temos que axudalos. ¿Como que non traballamos e que non informamos? ¡Se non facemos outra cousa! ¡Se o presidente da Fegamp vén a todas as reunións convocadas e ten a mesma información que teñen o resto dos que a conforman!

Señor Caballero, con todos os respectos, mire, vostede dixó tantas cousas durante esta crise que ben vale a pena polo menos recordar algunhas delas porque non deixan de ser simpáticas. Dixó vostede que criticar o plan de desescalada presentado polo Goberno era «unha falta de respecto e un desplante a todos os galegos» —leo textualmente— Díxoo o 28, o martes. ¿Sabe o que dixeron o presidente de Aragón, o presidente de Castela-A Mancha e o presidente de Valencia sobre o plan de desescalada? ¿Que pasa, que estes tamén faltan ao respecto, os presidentes autonómicos do Partido Socialista que criticaron duramente o plan de desescalada, dentro, como é natural, de todas as posibilidades que teñen de crítica dentro do seu partido? É dicir, que son socialistas, coma vostede; pero non, realmente igual son dun partido socialista distinto. Faltar ao respecto é calar e tragar sen rechistar todo o que vén do mando único, señor Caballero.

Di tamén que non presentamos informes técnicos, pero levamos mes e medio non movéndonos nin un milímetro do que o comité de expertos concreta, o comité clínico do Servizo Galego de Saúde. ¿Como que non presentamos informes técnicos? ¡Pero se todos os proto-



colos, se todos os circuítos de covid foron deseñados polo comité clínico! ¡Se a desescalada e a reprogramación hospitalaria foron deseñadas polo comité clínico! ¡Se o incremento da actividade e os protocolos en atención primaria acabamos de aprobalos o martes pasado, despois de tres reunións do comité clínico! ¡Pero se non movemos un paso sen que o comité clínico concrete con exactitude que é o que temos que facer na sanidade!

Dixo tamén que se utilizasen os tests do Goberno e que era un irresponsable por non utilizalos. Agora resulta que o que me pide o Goberno é que non compute eses tests porque eses tests non son diagnósticos. ¡Señor Caballero, si, gravísimo! Se chegara a facerlle caso a vostede, tería enchido as residencias de falsos positivos e de falsos negativos. Iso tamén o xulgará a historia. Non é mentira, señoría. Teño á súa disposición unha instrución do Ministerio de Sanidade —agora que vostede fala dos cárceres— sorprendente. E como vostede saca o tema dos cárceres, eu dígolle que creo que xa está ben.

O que recibimos do Ministerio de Sanidade é unha instrución onde di que se faga para os internos, para os presos, unha PCR e para os maiores, nas residencias, un test rápido. Iso está publicado, señor Caballero. ¿Cre que isto non vai ter responsabilidade? ¿Que ocorrería se como presidente da Xunta de Galicia sigo a instrución do Ministerio de Sanidade e para os presos fago uns diagnósticos finos de PCR e para os residentes da terceira idade fago uns tests que agora resulta que os membros de coalición do Goberno consideran que son uns tests inválidos, insuficientes e que non deben de utilizarse?

Señor Caballero, iso está escrito e pódolle asegurar que, cando pase todo isto, haberá unha chea de responsabilidades que haberá que depurar. Por iso, cando me fala vostede de tests e intenta dicirme que non fun rigoroso e que utilicei a confrontación co Goberno de España, eu dígolle que utilicei a confrontación co Goberno de España para defender a saúde dos galegos, e que volvería facelo todos os días, señor Caballero, non teña vostede ningunha dúbida. Non teño ningún compromiso con ninguén dende que xurei o meu cargo de presidente da Xunta máis que cos galegos, ¡ningún! Por iso, os galegos merecen un respecto, e por iso, señoría, cando vostede di que a proposta de desescalada por áreas sanitarias é —leo literalmente— «unha proposta de café», eu dígolle: ¿como que unha proposta de café? Pero se é a proposta do presidente de Extremadura, é a proposta do presidente de Aragón, é a proposta do presidente de Castela-A Mancha e é a proposta do presidente de Valencia. Pero vostede non se entera de que no seu partido hai xente que antes de falar... *(O señor Caballero Míguez pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Ah!, ¿mentira? Pois nada, resulta que chama mentireiros a todos os presidentes de comunidades autónomas do Partido Socialista. Fale vostede con eles e aprenda un pouco de rigor sanitario que, dende logo, eles o practicaron durante a Conferencia de Presidentes. *(Aplausos.)*

Miren, señorías, eu remato porque creo realmente que non iamos entrar neste tipo de consideracións. ¡Alá vostedes, señor Caballero!, pero ¡home! dicir as cousas que vostede di é, cando menos, sorprendente.

Mire, señor Caballero, vostede fala dos recortes. ¿Pero vostede sabe que o presidente que deixou un país co 22 % de paro e cun déficit público do 9 % foi un presidente socialista? ¿E vostede sabe como vai quedar España con outro presidente socialista? Eses son os recortes,



señoría. ¿Cal é o déficit público que vai ter España? ¿Cal é a débeda pública que vai ter España? ¿Cal é, señoría, a baixada do produto interior bruto que vai ter España? ¿Cal é o número de parados que vai haber en España? ¿Será isto culpa do Partido Popular, señoría? ¿Isto será culpa do Partido Popular?

Do mesmo xeito que o señor Rodríguez Zapatero deixou unha España practicamente en quebra, dicir agora que a responsabilidade dos recortes é do goberno que o sucedeu é algo que creo indigno. E agora resulta, señoría, que haberá o que teña que haber, pero pódolle asegurar que a situación xerada no noso país non é responsabilidade dun partido político, senón responsabilidade dunha pandemia, e o que temos que ver é como xestionamos cada un as nosas responsabilidades.

Vostedes, con maior intensidade —e vostede, que é o responsable do Grupo Común da Esquerda no Parlamento—, estaban a favor do estado de alarma. Está moi ben, perfecto, vostedes digan o que consideren oportuno. Durante seis semanas votamos a favor do estado de alarma sen condicións, e plantexamos o outro día que é necesario e que se pode reformar a Lei orgánica de saúde pública, que é necesario e se pode, se se quere, reformar a Lei de seguridade, e que hai instrumentos legais para non utilizar un estado de alarma absolutamente excepcional no país. ¿Vostede sabe que o presidente da República francesa levou unha lei ao Parlamento para ser aprobada, a Lei de emerxencia sanitaria para a República francesa? ¿Vostede sabe que o primeiro ministro portugués deixou sen efecto o estado de alarma e aprobou e concretou dentro do seu ordenamento xurídico o que Portugal considera o estado de calamidade? ¿Vostede sabe que a canciller alemá está pactando cos *länder* a utilización do desconfinamento de Alemaña de acordo cos presidentes dos *länder*? Soamente hai un país, señoría, onde se decidiu isto sen consultar os organismos e a oposición.

Agora ben, como é natural, cada un saberá escribir exactamente o contido e o alcance do que fixo durante esta pandemia. Nós, dende logo, non temos máis interese que traballar. E, iso si, cando se verten acusacións que entendemos que non se corresponden coa realidade, hai que explicarlles aos galegos o noso posicionamento para que os galegos formen opinión e poidan decidir o que consideren oportuno, cal é a actitude de cadaquén e que fixo cadaquén. Pero xa lle podo asegurar, señor Caballero, que eu non me lío nin me guío por ningún partido político. Desde hai moito tempo traslado, como presidente da comunidade autónoma, que o meu obxectivo e o meu compromiso é con Galicia. E como o meu obxectivo e o meu compromiso é con Galicia, non teño máis nada que dicir.

Moitísimas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Rolda especial de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.



Quero empezar esta segunda intervención agradecendo o traballo que fai todo o persoal do Parlamento, e moi especialmente a Xosé Manuel, que acabamos de velo limpando este espazo, pero tamén quero aproveitar para visibilizar a todas as mulleres, que son as que habitualmente fan este labor, e con elas as precarizadas nos ámbitos do coidado. Creo que é tamén obriga que as rescatemos desa precariedade porque, se algo nos demostrou esta pandemia, é que, precisamente, o seu labor e o seu traballo son fundamentais.

Señor Feijóo, quero dicirlle que hai feitos que son incontestables. Vostede compareceu 24 veces na TVG durante seta pandemia e só dúas veces nesta Cámara. Ese é un feito incontestable, e, desde logo, non hai cinismo político que poida tapar esta realidade. Vinte e catro roldas de prensa retransmitidas en directo nunha TVG que cada vez é máis Tele-Feijóo e só dúas comparecencias neste Parlamento.

Quero dicirlle, lembrarlle, o que dicía o líder do seu partido Pablo Casado. Decía: «Nos réximes bananeiros estílase a propaganda pública en televisión para o culto ao líder, pero nas democracias parlamentarias as mensaxes á nación diríxense desde os congresos».

Tamén os galegos e as galegas teñen que saber que ao longo desta crise o presidente da Xunta non consensou nin unha soa medida con ningunha das forzas políticas deste Parlamento, e no BNG trasladamos moitas propostas e trasladamos sempre esa vontade de acordo, máis alá das diferenzas políticas —que as hai e son moitas— e máis alá das políticas que temos a respecto dos graves erros que cometeu o seu goberno nesta crise. Non consensou nin unha soa proposta nin unha soa medida. De feito, hoxe traemos a este Parlamento unha proposta, un gran acordo de país. ¿E que di vostede? Nada. Dicímoslle: refórce a atención primaria porque sabe que recortou 2.000 millóns e que ten menos recursos. ¿Que di vostede? Nada. Dicímoslle: hai que poñer en cuestión ese modelo das residencias privatizadas. ¿Que di vostede? Absolutamente nada. Nos temas transcendentais para o futuro vostede non di aquí absolutamente nada, segue escondéndose nesa trécola do mando único e di que non pode facer nada máis. ¡Mentira!, o Goberno galego pode facer moito máis do que vostede di ou do que vostede quere facer.

Eu, sinceramente, non sei se a sobriedade da que vostede nos falaba ao principio é vir aquí negar os recortes na sanidade pública. Claro que hai menos camas, menos recursos e menos profesionais. E non hai menos camas porque o diga o Bloque Nacionalista Galego, é que di o Instituto Galego de Estatística. Non sei se nos quere dicir que mente o Instituto Galego de Estatística. Claro que hai menos camas e por iso o seu Goberno di que para cumprir os requisitos da desescalada hai que recorrer aos hospitais de campaña, é dicir, a camas inexistentes que había que montar en polideportivos ou en recintos feirais. Esa é a proposta que vostede traslada.

E, do mesmo xeito, non sei se a sobriedade da que vostede nos fala é negar o desastre que se produciu na xestión nas residencias de maiores. Hai un colectivo de vinte mil persoas que concentra o 45 % dos falecementos por coronavirus e a súa resposta ante un feito destas características é que outros o fixeron peor. Non sei se esa é a resposta que poden ter as familias das persoas que perderon un ser querido nestas circunstancias. Creo que non é a resposta que lles debemos.



Desde logo, está claro que fallou a prevención, e o que é un insulto ao persoal sanitario e ao persoal das residencias é que o Goberno tardara semanas en darlles material e que sigan existindo problemas hoxe en día, ou que non estean intervidas todas as residencias de maiores nas que se produciu un contaxio masivo con mortes moi importantes. A vostede ao mellor iso lle parece unha minudencia. Creo que todas as persoas que tiñan unha persoa nesa residencia, que non sabían qué estaba pasando, exixíanlle máis ao Goberno da Xunta de Galiza. E, desde logo, non vai poder silenciar o que pasou nas residencias de maiores. Pode poñer vostede o ventilador en marcha, pode vir aquí con todo o cinismo político que queira; xa lle adianto: nós imos requirir que haxa unha investigación. Hoxe tamén está investigando o que pasou a Fiscalía, porque, desde logo, se algo puxo de manifesto esta pandemia, son os problemas que hai cando se mercantiliza un dereito como é o dereito a ter unha atención digna durante a velez. E os datos aí tamén son incontestables: hai 223 residencias e só 24 de xestión pública. E nós, desde logo, imos traballar para que o modelo sexa outro moi diferente.

E eu só unha última cuestión, porque non temos tempo ilimitado, como ten vostede. A Xunta ten que facer os seus deberes no desconfinamento, que é moito máis alá que vir con medidas de corte electoralista, como as que lle vimos nos últimos tempos. Mire, vostede pode facer moito máis. Preocúpame que diga que sentido ten presentar un plan de desescalada galego, que veña ao Parlamento preguntarse que iso non ten ningún sentido. Tería toda a lóxica do mundo se realmente quixera exercer como presidente. E tería toda a lóxica que o pactara non só cos grupos políticos, senón tamén con todos os axentes sociais e económicos en Galiza. Pero non, vostede prefire pasar de puntillas e dedicarse só a criticar.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: A Xunta de Galiza pode distribuír máscaras a toda a poboación de xeito gratuito e establecer un protocolo para que sexan obrigatorias. A Xunta de Galiza ten que ter un plan de rastrexo con persoal contratado formado e con protocolos claros, porque saben que ou acertamos na fase de desescalada ou hai ese plan de rastrexo real con capacidade para poder actuar ou se non imos poder ter moitos problemas de futuro.

Eu —remato, señor presidente—, desde logo, lamento que, no medio dunha pandemia, cun esforzo tan importante como leva feito a sociedade galega, a súa resposta sexa confrontación estéril, o partidismo, facerlle oposición á oposición ou instalarse no cinismo político. Para nós, desde logo, o importante é Galiza, a ela nos debemos, e imos seguir traballando para que haxa un grande acordo de país, para que rescatemos as persoas, para que rescatemos os servizos públicos e para que teñamos esperanza en que podemos facer algo mellor para construír un país con máis oportunidades.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: Porque está claro que seguir na rutina de que aquí todo se resolve cunha rolda de prensa televisada na TVG a este país non lle vai funcionar, está en xogo o futuro e nós imos traballar para pelexalo, porque Galiza ten futuro e toma as decisións... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Común da Esquerda, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Dixo o señor Feijóo: mentir en sede parlamentaria é grave. Iso xa define o cinismo co que vostede fala. Se é tan grave, agardo que xa non saia falar despois, porque pouco ten que dicir se nos atemos ao que estivo dicindo durante toda a intervención. Mentiou tanto que en cinco minutos non dá tempo a contestarlle a todas as súas mentiras. O cinismo é absoluto cando vostede di que ocorrería nesta situación se a sanidade estivera en mans do Bipartito, porque vostedes apostaron pola sanidade pública; en fin... Instituto Galego de Estatística: dende que vostede chegou a hoxe, 563 camas menos, menos 317 camas menos en funcionamento, menos 14 centros de atención primaria, menos 22 consultorios, menos 5 hospitais. Instituto Galego de Estatística. Un recorte do 7 % na atención primaria. Privatización de servizos: Laboratorio de Control de Galicia, adxudicado a Unilab; historia clínica electrónica, adxudicado a Indra; telecomunicacións do Sergas, adxudicado a Telefónica; teléfono de cita previa, adxudicado a Netaccede; servizo de subministración e loxística, privatizado. E non sigo.

E vostede pregunta que ocorrería. E eu preguntolle unha vez máis —a ver se contesta e non desvía a atención intoxicando—, preguntolle algo moi concreto: ¿que ocorrería, señor Feijóo, se vostedes, en lugar de mirar cara a outro lado, cando houbo denuncias de incumprimento nas residencias de maiores privadas, actuaran e non miraran para outro lado?, ¿que ocorrería? Si, si. Aquí está o informe do Consello de Contas (*O señor Sánchez García mostra un documento.*), organismo oficial, sobre o que vostede, mentindo unha vez máis, dixo descoñecer na Televisión pública galega. E neste informe, señor Feijóo, non di que non se inspeccione; iso invéntao vostede para manipular. Di que, a pesar de inspeccionarse e a pesar de que se non se corrixiron as deficiencias, as insuficiencias de persoal, que eran básicas para coidar dos maiores, non se iniciaron expedientes sancionadores. Iso o que di, *en román paladino*, é que vostedes sabían que había infraccións e non actuaron. E non actuaron para favorecer esas empresas de empresarios cos que sae vostede nas fotografías.

Vostede di que é un insulto e falta de respecto ás traballadoras das residencias; outro exemplo máis de cinismo. Non encontro ningunha foto de vostede falando con esas traballadoras, que levan anos denunciando a explotación destas empresarias que fan todos os días nas residencias de maiores e que afectan tamén a saúde dos maiores. Nunca lle vin unha foto cos empresarios que fan negocio a custa da saúde dos maiores; ten vostede varias. Homenaxes tamén a empresarios que estafaron e que se dedican ao negocio das residencias.

E iso lévanos —e non é unha abstracción— a preguntar se, unha vez que se viu que por culpa de facer negocio coa saúde dos maiores o 98 % das mortes en residencias en Galicia son en residencias privadas, ten vostede a intención de mudar o modelo de atención aos maiores, señor Feijóo. Dos datos que vostedes dan, das 130 persoas que morreron en residencias, 126 morreron en residencias privadas, cousa que ten moita relación —non fai falta ser ningún experto para sabelo— coa insuficiencia de medios que veñen denunciando as familias e as



traballadoras. E vostede vén aquí dicir que nós insultamos e faltamos ao respecto. Quen está insultando e faltando ao respecto continuamente é vostede. Polo menos pida desculpas, asuma responsabilidades e non vaia polos cerros de Úbeda para contestarme algo tan grave como é a saúde das persoas, que houbo mortes por culpa das negligencias. Ou ¿a que se deben estes datos que se repiten unha e outra vez, en Galicia e en todo o Estado?, si, en todo o Estado, porque en todo o Estado se apostou por este modelo.

Pero estámoslle dicindo aquí: ¿vai cambiar algo vostede? Cando di os datos da sanidade pública, non só os datos o desmenten, que vostede apostou pola privatización, senón tamén as mobilizacións constantes das profesionais, as que vostede agora vén aplaudir. ¿Vai dar estabilidade laboral, a que están pedindo dende hai anos, que tamén inflúe na calidade asistencial, señor Feijóo? O que lle dixen: Enfermeiras Eventuais en Loita, que levan toda a vida na precariedade e na inestabilidade. ¿Vai cambiar algo?, ¿vai asumir algunha crítica?, ¿vai recoñecer algún erro? Porque vostede dixo que infalible non hai ninguén, díxoo na primeira intervención; parece que vostede si, porque non asumiu ningún erro. ¿Vai dar estabilidade ao persoal laboral, señor Feijóo?

Vostede dixo que se anticiparon. Pero só está na súa cabeza esa anticipación. O 23 de marzo vostedes anunciaron o cesamento dunha responsable sanitaria que se atreveu a criticar os responsables do Sergas porque non lles deixaban protexerse, non lles deixaban utilizar mascarilla; a ver quen tiña razón: a responsable sanitaria cesada ou os dirixentes do Sergas, que lles dicían que non podían poñer mascarilla para atender os seus pacientes.

¿Como que se anticipou? ¿Anticipouse tamén cos autónomos, cando é unha das poucas —creo que catro— comunidades autónomas que aínda non lles deron axudas aos autónomos? ¿Vostede non sabe que hai autónomos que non queren endebedarse máis...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...non recorrer a préstamos, senón que queren ter axudas para pagar eses gastos que teñen e que non poden aprazar?

Vostede non se anticipou aínda coas axudas ao alugueiro. Creou unha minicampaña —iso si—, pero aínda non saíu a orde de axudas ao alugueiro, mentres outras comunidades autónomas utilizaban o autogoberno que vostede reclama. ¿Vostede reclama o autogoberno? ¿Quen lle impide a vostede dar axudas directas aos autónomos? ¿Que decreto estatal lle impide a vostede facer plans sectoriais dos sectores máis afectados? ¿Que decreto lle impide a vostede xuntar os sindicatos e as forzas políticas e falar de como imos saír desta crise, para que non sexa como a que pilotaron vostedes, despois de 2008?

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Socialista, señor Caballero.



O señor CABALLERO MÍGUEZ: Señor presidente.

Señor Feijóo, nós entendemos e respectamos que vostede dea todas as roldas de prensa que considere oportuno dar. O que dende logo cuestionamos é que se utilice a Televisión de Galicia para retransmitir vinte e seis roldas de prensa en directo de forma continua nesta crise, de forma que o Goberno de Galicia e o Partido Popular utilizan os medios públicos de comunicación ao seu xeito e ao seu interese. Vostede acudiu ata hoxe nesta cámara parlamentaria nunha soa ocasión. Mentres tanto, o presidente do Goberno de España acudiu en seis ocasións ao Congreso dos Deputados, é certo que a pedir unha prórroga de alarma, coa mesma necesidade que vostede acode cando está en situación de interinidade na situación política en que vive Galicia.

E eu entendo que vostede non queira acudir hoxe ao Parlamento de Galicia, porque hoxe atopámonos con que o Partido Popular, nas intervencións do señor Feijóo e do señor Puy, xa perdeu a pel de ovella, xa amosou o Partido Popular en vea, o mesmo Partido Popular de Casado, de Ayuso, de Feijóo, a súa intervención de confrontación co Goberno de España, de exculparse das responsabilidades e do feito de poder cogobernar en Galicia. A súa escapada de responsabilidades é a mellor mostra. Vostedes representan o Partido Popular da confrontación co Goberno de España, e cando vostede quere dar leccións de mentiras e de verdade, a súa intervención é mentira pura, señor Feijóo. A súa intervención está chea de mentiras agregadas de forma continua, ás que non hai tempo para contestar en cinco minutos, despois de escoitar media hora seguida de plantexamentos terxiversados, de cambiar datas, de cambiar declaracións. Esa é a realidade da verdade dos feitos e das mentiras do Partido Popular.

Pero claro que lle vou contestar dúas cuestións. En sanidade pública, por moito que vostede queira poñer a medalla de defender a sanidade pública, toda a cidadanía galega sabe dos recortes, das privatizacións, da precarización do emprego que o Partido Popular fixo en Galicia durante once anos, e que nos fixo chegar cun sistema sanitario máis debilitado. E a mellor mostra é o orzamento. Déixese de enganar, déixense de enganar en cuestión de orzamentos.

En épocas de dificultade, de crise, había menos orzamento en termos correntes, pero incluso cando chega o orzamento en fase de recuperación, en termos constantes, comparando os valores económicos constantes —si, señor Puy—, os orzamentos que hai na actualidade non chegan ao nivel de orzamentos que houbo en gobernos anteriores hai once anos, se comparan con unidades monetarias comparables. Non enganen cando os custos de investimento en maquinaria hospitalaria son moito máis grandes. E podémolo facer cando queiran co tempo que queiramos. Poñemos unha pizarra, señor Puy, e facemos as contas, como facemos vostede e mais eu cando damos clases, cando queira. Imos degrañar as mentiras. O que pasa é que non temos tempo para tantas horas de mentiras acumuladas do Partido Popular na TVG, para tantas mentiras que se plantexan de forma xeral.

En residencias, é gravísimo, señor Feijóo, que vostede diga na Cámara parlamentaria que vostedes se anticiparon. É o máis grave que poden vostedes dicir, porque se o Partido Popular se anticipou sabendo o que ía ocorrer coa pandemia e co que podía ocorrer nas residencias, haberá demasiadas familias que se están preguntando en que e como reaccionaron con esa anticipación.



Non sigan cometendo o erro de intentar poñerse medallas que non lles corresponden, nin tentar atribuírse unha anticipación que non tiveron, e que non lles exiximos que tiveramos porque non o tivemos o conxunto das forzas políticas nin en España nin en Galicia. Vostede decretou o estado de emerxencia tres horas despois de que o presidente do Goberno anunciara o estado de alarma na televisión pública.

E vostede sinalaba —hoxe recoñéceo aquí— que confronta co Goberno de España para defender a saúde da cidadanía galega. ¡Mentira! Vostede confronta polo interese do Partido Popular ou pola súa estratexia oculta. Cando vostede pide que non se prorrogue o estado de alarma non defende a saúde dos galegos e das galegas, e por iso a cidadanía galega non confía en vostede cando pide que non se prorrogue o estado de alarma. É unha decisión gravísima, que é certo que limita dereitos .o da mobilidade e o da reunión. Pero todos os galegos sabemos que hai que limitar as reunións e a mobilidade nesta fase de desescalada, e que o mellor mecanismo para facelo é o estado de alarma, que ademais está regulado e creado para iso: para crises sanitarias e para epidemias.

¿Como se ía controlar algo despois, vostedes que tanto anticiparon? ¿Acórdanse cando o 13 de marzo vostedes din que todo se sabía? Pois o día anterior o Partido Popular dicíao claro nun medio, por certo, próximo ao pensamento de dereitas e conservador. «*Ayuso declara que su gobierno no va a cerrar Madrid.*» Xoves, un día antes de que Pedro Sánchez anunciase o estado de confinamento e o estado de alarma. Claro que non quería pechar. ¿Non vai querer ler o contido xeral? Non quere permitir que o Goberno vaia pechar... (*Protestas.*) (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) Di o señor Feijóo que é o presidente autonómico, que non pode pechar as fronteiras. E ten vostede razón, pero ¿sabe o que pasa? Que a declaración da señora Ayuso é moi clara: «*Madrid no se va a cerrar, o desde luego no será por orden del Gobierno regional*». Non querían pechala, está aquí nos medios. Non terxiverse a realidade, señor Feijóo.

Señor Feijóo, vostede debe de acompañar o Goberno de España nas medidas de políticas sociais e de saída da crise que está tomando con carácter progresista fronte ao que vostedes plantexan. Douscentos mil galegos teñen ingresos por expedientes de regulación temporal do emprego, cun Goberno de España que adopta medidas para iso. Sesenta mil autónomos galegos teñen prestacións sociais extraordinarias cada mes, a diferenza do que sempre ocorrería nas crises cando gobernaba o Partido Popular.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Os empregados e empregadas do fogar saben tamén desanecesidade.

Vostede preferiu outra exposición: a da confrontación, non para defender os intereses dos galegos nin no sanitario, nin no económico, nin no social. Vostede estivo contra o estado de alarma cunha estratexia oculta que debería de aclarar á cidadanía galega, porque vostede é o único que ten outros intereses distintos aos de defender en prioridade a saúde e a loita contra a crise económica e social. E nós queremos unha situación extraordinaria para que se permita un goberno de forma interina, porque hai unha pandemia moi grave, e pedímoslle



que sexa responsable, que abandone esa estratexia de confrontación que as galegas e galegos non seguimos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: O seu abandono das medidas de protección da saúde da cidadanía e da vida co estado de alarma son gravísimas, e responden ao que hoxe vimos: ao do Partido Popular de Casado, de Ayuso e de Feijóo, e non a un presidente de Galicia que defenda por riba de todo a saúde da cidadanía galega.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero, rematou o seu tempo.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Eu, na miña primeira intervención, o que quixen foi deixar constancia da preocupación que temos algúns demócratas polo feito de que o estado de alarma está centralizando competencias dunha forma moi intensa, está levando á adopción de medidas improvisadas e arbitrarias sen ter en conta as comunidades autónomas e, ademais, porque se quere prolongar indefinidamente. E aquí a esquerda desta casa non dixo nada sobre a conveniencia de que remate o estado de alarma e a posibilidade de atender a pandemia sanitaria, simplemente con toda a lexislación sanitaria de pandemias que existe en España.

Pero é que, ademais, a preocupación hoxe é maior, porque resulta que o estado de alarma o está aplicando unha esquerda progresista, que non distingue unha persoa que está nunha residencia dunha persoa que está nunha prisión, que confunde prisións con residencias e que, desde logo, ten problemas para distinguir o que é verdade do que é mentira. Unha oposición que cando estabamos en período normal, democrático, e aquí alguén rachaba unha foto do xefe do Estado, dicindo que estabamos vivindo xa nun estado de excepción, e cala cando realmente estamos vivindo no estado de excepción porque goberna o Goberno que eles apoian. É unha esquerda que ten unha clara asimetría na asunción das propias responsabilidades en relación coas que lles botan enriba aos demais.

Señor Sánchez, eu recordo o da transparencia; busque vostede os contratos que empezan agora a publicarse a ver se aí hai algún problema de amigos, e sexan vostedes no Goberno de Madrid tan entusiastas persecutores das amizades e as empresas raras coas que se contratan cuestións de toda índole.

O problema de todo isto é que esta centralización e esta improvisación nos levan a unha incerteza que está a xerar graves problemas. O método do Goberno de España consiste no seguinte: dou unha rolda de prensa; fago un anuncio; despois reúno o Consello de Ministros; teño unha boa discusión entre algúns membros do Goberno e outros membros do Goberno, que se pelexan porque non coinciden; despois, á última hora, saco unha norma, se pode ser



un domingo ás 11 horas da noite aínda mellor, que afecta millóns de persoas co que van facer ao día seguinte, e unha vez que está publicada resulta que hai que interpretala, porque pode ser que o delegado do Goberno en Asturias diga que esa norma se interpreta dunha maneira e o de Galicia diga que se pode interpretar doutra.

Hai moitos exemplos, como que os nenos que non sabían se podían saír á rúa con 12, con 13 e con 14 anos. Primeiro, eran 12, despois foron 14, despois quedaron na casa tamén os de 14 e só saíron os de 13. Agora dise que van ir a metade dos nenos aos colexios públicos e os outros van quedar na casa. En fin, improvisacións unha tras outra.

Desescalada en fases. O Bloque pídenos que desescalemos por comarcas; o señor Caballero pide que sexa por provincias; os señores do Grupo Común da Esquerda, primeiro, din que por áreas sanitarias, pero de repente sacan un tuit e din que, como as áreas sanitarias dependen de Feijóo, mellor que dependan do Goberno de Madrid, e que, polo tanto, por provincias. Ben, nós aquí estamos aplicando uns criterios, estámolos explicando nas reunións, unhas veces acéptanse e outras non, pero parece razoable que a desescalada se faga, se está vencellada á asistencia sanitaria, precisamente polas áreas sanitarias.

Finalmente, se podemos saír ou non á rúa. Un millón de galegos pendentes da interpretación do seu delegado do Goberno, que houbo recurso de alzada, e onte o presidente Sánchez dixo que el entendía que os galegos podíamos saír. E a verdade é que deixa nunha posición un pouco estraña ao delegado do Goberno en Galicia, porque onte foi o que dixo o señor Sánchez, non sei se improvisadamente, e hoxe volverán reunirse para debatelo, pero de momento está así.

Mentres tanto, ¿que pasa con tanta improvisación? Pois que a Federación Galega de Comercio di que a desescalada é unha idea descabellada, que non poden saír; os da hostalería pensan que co 30 por cento e que se ademais, se abren, lles quitan os ERTE, pois non van poder abrir; as pemes din que todo isto é un contrasentido, que é unha improvisación, que xera inseguridade xurídica, que é un despropósito, e así sucesivamente.

Afecta o sector privado, pero é que tamén afecta as administracións públicas. Permítanme que me deteña un pouco sobre isto. Unha das cuestións que pulula polo aire é que vostedes queren levar a recuperación económica da man do estado de alarma. Cousa que, por certo, non fixo o PP. Cousa que, por certo, vostedes din que o PP non daba recursos. Recordemos todo o plan de pago aos provedores, para empezar, e que foron recursos directos ás familias e pequenas e medianas empresas que estaban colgadas de administracións que non lles pagan, e xa non é que non recibisen rendas, é que non recibían os gastos que xa tiñan feitos.

Pero, dito todo isto, o problema é que temos que pilotar a saída da crise, e vostedes queren facelo de forma centralizada e arbitraria. Hai un antecedente, que é o fondo do Plan concertado para servizos sociais. Vostedes, co decreto de alarma, cambiaron o sistema de repartición do Plan concertado, de tal maneira que a Galicia, dos 300 millóns de euros, se se aplicase o que se viña aplicando para repartir os fondos do Plan concertado, lle tocarían 25 millóns, e tócanos 17 millóns.



Na repartición do 0,7 por cento do IRPF resulta que todas as comunidades autónomas, agás Madrid, Andalucía, Galicia e Cataluña, soben un once por cento, Galicia a penas chega ao un por cento. E agora sacan os 16.000 millóns de fondo, onde curiosamente tamén se muda todo o sistema de financiamento autonómico, e fan unha cousa que non hai moi ben quen a entenda, que é que priorizan para un fondo que ten que ter a sanidade en forma por se hai unha nova crise sanitaria, e vostedes o que priman son os que xa foron atendidos. Desta maneira, a atención primaria que vostedes están dicindo aquí que é o máis importante...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...gastar en atención primaria, e ese fondo non a contempla en absoluto. Non contempla en absoluto todo o que se fixo nas residencias medicalizadas, porque se consideran que non son camas hospitalarias. E, finalmente, o que están a facer é deixar unha marxe á poboación protexida, que no caso de Galicia é o determinante do gasto sanitario.

Sanidade. Falan vostedes de sanidade e do Consello de Contas. Eu recórdolles o que dicía literalmente o Consello de Contas no informe da xestión sanitaria do último Goberno da esquerda progresista en Galicia. Seiscentos millóns de déficit. «E esta circunstancia pon en situación delicada o financiamento do Sergas, non só para o ano 2008, senón tamén para exercicios futuros, afectando claramente a sostibilidade do gasto sanitario». Isto foi o que este goberno se encontrou, e a sanidade está moito mellor.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: Señor presidente, medio segundo.

A Xunta non fixo nada disto, aquí non se publicaron normas á última hora da mañá, nin se tivo os nenos esperando para ver se tiñan que saír con 13 ou 14 anos, e foise claro co tema da desescalada. E certamente todo iso está a servir para que en Galicia as cousas —entendo eu— que vaian un pouco mellor.

Presidente, en Galicia todos temos claro quen impuxo medidas extremas e quen pide a prórroga indefinida; quen preferiu o diálogo e a normalidade constitucional; quen abriu unha cámara pechada e quen pechou unha cámara que estaba aberta; quen tratou de dar resposta á prensa e quen filtrou os periodistas, que mesmo ameazaron con non ir ás roldas de prensa; quen persegue á oposición e mesmo a denuncia e quen a respecta; quen actúa con transparencia e quen actúa con opacidade; quen toma medidas con anticipación ou quen fai anuncios, despois os debate, despois os publica e despois os interpreta; quen prioriza as persoas e quen prioriza as eleccións...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy, rematou o seu tempo.

O señor PUY FRAGA: ...e tamén temos claro quen traballou coa razón e a prudencia e quen o fixo con improvisacións.

En definitiva, quen ten madeira de... *(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben polo baixo son do micrófono do estrado.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy, rematou o seu tempo.

(O señor Puy Fraga e o señor Santalices Vieira intercambian palabras que non se perciben.)

Grazas.

Peche desta comparecencia por parte do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Señorías.

Señora Pontón, dixo vostede que daba moitas roldas de prensa. Dígame exactamente cantas teño que dar, e intentarei pactalas con vostede se lle parece ben. Unha rolda de prensa despois do Consello, unha rolda de prensa despois da Conferencia de Presidentes e unha rolda de prensa despois da reunión do Comité Clínico do Servizo Galego de Saúde, por oito semanas, tres roldas de prensa, igual a vinte e catro. ¿Parécelle isto moito? ¿Que quere?, ¿que non dea rolda de prensa despois do Consello?, ¿que non dea rolda de prensa despois da Conferencia de Presidentes? Non se preocupe, señoría; os galegos saben distinguir moi ben cando poden ter algún interese ou non; os galegos son perfectamente libres para poñer o medio que lles pete. Non teña vostede ningún problema. Vostede dá todas as roldas de prensa que considera oportunas. Se non informo, porque non informo, e se informo, porque informo demasiado; se me reúno con vostedes durante as últimas sete semanas seis veces, dinme que só me reunín unha. Non importa, señoría; vou seguir vindo a este Parlamento. Para min é unha honra. Son presidente porque son deputado, e cada un ten a súa propia opinión.

Mire, señoría, cando vostede di —igual que o señor Sánchez— que os recursos sanitarios, que se as camas... ¡Pero se dá igual! O señor Sánchez acaba de dicir hoxe en sede parlamentaria que temos cinco hospitais menos, e queda tan campante, e vaise ao seu escano, e dá leccións de verdade. Señor Sánchez, ¡dígame que hospitais pechamos! Eu soamente sei os hospitais que abrimos, os hospitais novos que construímos, os hospitais completos que equipamos, os hospitais que estamos ampliando, e os hospitais que estamos construíndo en plena pandemia, e o hospital da Coruña que queremos construír. ¿Como pode vir vostede aquí dicir que pechamos cinco hospitais en Galicia? ¿Refírese vostede ao Hospital Xeral en Vigo, onde estamos facendo a Cidade da Xustiza, quizais? ¿De que fala, señor Sánchez? ¿Fala de que privatizamos a sanidade porque lle damos un contrato a Telefónica para os teléfonos móbiles e fixos do Sergas? Pero, vostede, ¿que plantexa? ¿Unha telefónica pública? Bueno... ese é o seu modelo, señoría. O seu modelo é un modelo que soamente trae pobreza e miseria. E, lamentablemente, dígoo porque hai moitos galegos que xa o saben, que o están sufrindo. Creo que non é razoable entrar neste tipo de consideracións, porque falar das camas... Mire, 7.524 camas, mais 2.286 privadas, mais o conxunto de públicas e privadas dá as 9.800. E 472 camas dispostas a despregarse de forma inmediata: 10.281 camas. O que está pedindo o Goberno de España é cal é a capacidade ante unha pandemia. Hoxe o 70 % das camas do hospital do Sergas están baleiras. Esta é a situación de Galicia: o 70 % das camas están baleiras. Ante o estrés máximo que puidera ocorrer ante unha pandemia, o que se pide é a capacidade máxima instalada. E isto é o que cumprimos sobradamente.



A Comunidade de Valencia quería construír tres hospitais de campaña, ¡tres! A Comunidade de Madrid —como todos vimos—, o Ifema, o recinto feiral máis grande de España en hospital de campaña. A Comunidade de Castela-León, con hospitais de campaña despregados. Nós non necesitamos despregar ningunha cama de hospitais de campaña, ¡ningunha! Por conseguinte, ¿como é isto de que non temos UCI? Cento sesenta e seis UCI tiñamos cando empezamos a pandemia, e neste momento temos 470 UCI instaladas que se poden activar de forma inmediata. ¿Hai algunha comunidade autónoma que fixera un incremento tan exponencial das UCI sen necesitalas? ¿Hai algunha comunidade autónoma, señorías, que poida dicir o que eu acabo de referir?

Hoxe temos ocupadas pola covid o 4,4 % das camas UCI, ¡o 4,4 %! Entón, exactamente, ¿de que estamos falando aquí? ¿De que se pechamos hospitais, camas, UCI...?, cando resulta que non tivemos máis hospitais na historia, cando non tivemos máis UCI na historia, cando non tivemos o confort hospitalario, e con máis de 3.500 profesionais traballando en sanidade —¡máis que nunca na nosa historia!—, cando nunca investimos tanto en sanidade como agora, e cando non haberá ningún período dos últimos corenta anos da historia de Galicia no que se estean construíndo e ampliando máis hospitais simultaneamente que agora... Creo que non merecen respecto ese tipo de consideracións; simplemente, porque alguén teña que vir á tribuna e dicir que en Galicia o IGE di que se pecharon cinco hospitais, e queda vostede tan campante, e acode ao seu escano pensando que ese é o papel.

Mire, señora Pontón: di que non traemos o plantexamento e o plan de desescalada. Mire, acaba de saír un teletipo que di —leo literalmente—: «*sabrán las comunidades autónomas si cambian de fase o no entre el viernes noche y el sábado*»: Ministerio de Sanidad. E vostede dime a min que por que non traio unha proposta de desescalada... ¡Esta é a proposta do Goberno que vostede apoia en Madrid, e esta é a proposta do señor Caballero e do señor Sánchez! ¡Ímonos enterar entre o venres pola noite e o sábado se pasamos na desescalada á fase 1! ¿Esa é a cogobernanza que iniciamos dende o día de onte, señorías? ¿Iso é realmente o respecto a un Parlamento dun país que ten competencias constitucionais na xestión sanitaria? ¿Ese é o estado de alarma que vostedes protexen e que vostedes votan? ¿Si? Pois xa está, señor Caballero.

E, despois, faime a min responsable da situación da pandemia cando vostedes deciden o que fan, o que pechan, o que abren, cando abren... ¡e nin sequera avisan! (*Murmurios*.) É unha falta de respecto absoluta a este Parlamento, señoría; e unha falta de respecto absoluta á Constitución e ao Estatuto de autonomía. ¡Alá vostedes e o seu estado de alarma, e o seu estado absolutamente impropio nunha democracia española!

¡Se os galegos nos imos enterar o sábado pola noite se pasamos da fase 1 ou non! Pero, ¿quen manda aquí, señoría?, ¿a democracia ou unha orde ministerial? ¿Son as ordes ministeriais os textos dos partidos demócratas dos que falan o Partido Socialista e Podemos co visto e praxe dos nacionalistas galegos? Sigán vostedes traballando en relación a este asunto, que —insisto— serán recordados durante os seguintes anos pola democracia do país.

Mire, con todos os respectos... vir aquí falar de que por que non traemos os proxectos de desescalada... Nós presentamos ao Goberno de España o martes o proxecto de desescalada, e



vánnolo dicir ou o venres ou o sábado. ¿Isto é razoable? ¡Pero se temos todas as competencias sanitarias!, ¡se os pacientes son do Servizo Galego de Saúde, non son do Goberno central!, ¡se a responsabilidade de atender os pacientes é unha responsabilidade do Goberno autonómico e do presidente da Comunidade Autónoma! ¡Non é unha responsabilidade do presidente do Goberno de España, que só ten dous hospitais, Melilla e Ceuta! ¿Sabe vostede como se facían os tests en Melilla? ¿Sabe vostede que o hospital de Melilla non tiña unha PCR? ¿Sabe vostede que as mostras no hospital de Melilla se recollían e se mandaban a Madrid para ser diagnosticadas? ¿Cre vostede que pode dar ordes de como se xestiona a sanidade pública do país? ¡Se levan vinte anos sen xestionar a sanidade e agora resulta que temos que estar sometidos ás ordes do Ministerio de Sanidade correspondente! Pero, ¿que falta de respecto é isto? E co silencio cómplice dos nacionalistas en Galicia. Si, señoría, si, ¡co silencio cómplice dos nacionalistas en Galicia! ¡Si! Señorías, un pouco de respecto pola verdade, e un pouco de respecto pola autonomía de Galicia. ¿Quen me ía dicir a min, señoría, que agora resulta que o Partido Socialista e Podemos interpretan a autonomía e a España constitucional en base a un estado de alarma? ¡Alá vostedes, e sigan alarmando a poboación pola súa incompetencia, señorías! O que lles podo asegurar é que, namentres esteamos en Galicia, imos seguir dando a mellor sanidade pública posible; e aos datos me remito, e aos resultados, tamén.

Mire, ¿como pode dicir vostede que pechamos centros de saúde cando estamos construíndo sesenta e seis centros de saúde?: trinta e nove rematados, nove en construción, nove reformados. Pero ¿como se pode vir aquí dicir que pechamos centros de saúde cando estamos facendo centros de saúde novos? ¿Como se pode dicir que pechamos hospitais cando equipamos completamente o hospital de Lugo e construímos o hospital máis grande de España na última década, o hospital público de Vigo, e ampliamos as urxencias e o bloque cirúrxico no hospital da Coruña? E ampliamos e fixemos un edificio de hospitalización completo en Ourense, e ampliamos o hospital do Salnés e da Mariña, e estamos ampliando as urxencias da Barbanza, licitamos o gran hospital público de Pontevedra, e estamos en obras na reforma integral e a ampliación do hospital de Ferrol. ¿Como podemos negar eses datos simplemente porque son un presidente do Partido Popular de Galicia?

¿Vostedes cren que os militantes do Partido Popular de Galicia non temos dereito a falar da sanidade do país? ¿Vostedes cren que nós non temos dereitos para falar dos servizos públicos? Pero, ¿realmente pódese ser tan sectario? Pero, ¿vostedes cren que esta taxa de letalidade —que é como se mide a calidade dos servizos públicos—, que é o número de falecementos por contaxio, na que estamos Melilla, Ceuta e Galicia, e Galicia é a primeira comunidade autónoma de España no número de falecementos por contaxiados...? ¿Cren que isto non é un aval da sanidade pública que temos neste momento? ¿Cren que isto non é como consecuencia da sanidade pública que temos neste momento e que vostedes non deixan de degradar cada vez que soben a esta tribuna? Pero ¿vostedes cren que este mapa, que é a transmisión comunitaria do virus —en branco practicamente en Galicia nos últimos tres días; 285 concellos sen virus intracomunitario—... ¿Cren que isto non é un bo plantexamento da prevención da saúde pública e da epidemioloxía no país? Ou nos últimos sete días: 248 municipios sen virus intracomunitario; e agora resulta que temos que depender do sábado, que nos digan se podemos abrir ou non podemos abrir o territorio. ¿Imos constrinxir Galicia por provincias? ¡Nunca o señor Javier de Burgos pensara que as súas delimitacións territoriais servirían para xestionar unha pandemia! Agora resulta, señoría, que os cidadáns de



Lalín e de Silleda non poden vir ao hospital de Santiago porque, como son de Pontevedra, non poden entrar na provincia da Coruña. Pero, ¿realmente vostedes queren falar en serio da sanidade do país e tomar en serio este país?

Miren, señorías, teño a honra de representar a Galicia durante esta pandemia e de ser o seu responsable, e abofé que non teño máis interese que acertar. E por iso non me preocupan en absoluto algunhas das consideracións que escoitei hoxe, porque creo que non teñen ningún plantexamento sólido. É dicir: con 3.700 profesionais máis na sanidade pública neste momento, con 1.700 profesionais máis que contratamos dende que se iniciou a pandemia na sanidade, con máis de 1.100 persoas que contratamos nas residencias da terceira idade... resulta que agora se nos veñen imputar determinadas decisións do Goberno central. Pero, señor Sánchez, ¿se vostedes teñen a vicepresidencia segunda, que é a dos servizos sociais! ¿Pode dicirme algunha medida que adoptase a vicepresidencia segunda do Goberno de Podemos en relación coas residencias? ¡Unha! ¡Unha medida! Cero, señorías —o que acaba de dicir o portavoz do grupo parlamentario—: o único que fan é diminuír os fondos da Comunidade Autónoma a través da emenda á totalidade do Plan concertado dos servizos sociais, que é o que se viña utilizando en todas as comunidades autónomas dende hai décadas, dende que chegaron os servizos sociais. Para o Goberno de España, en Galicia non teñen ningunha prioridade. Ao contrario: diminuír e diminuír os fondos adicionais.

Señor Sánchez, non volva falar de residencias da terceira idade. Propóñollo porque, simplemente, dicir aquí que se a porcentaxe de contaxios nas residencias privadas é superior ás públicas... Pero, señor Sánchez, se hai 3.500 prazas nas residencias públicas e 18.000 nas privadas, ¿como non vai haber máis contaxios en 18.000 que en 3.500? (*Murmurios.*) ¿Como se pode manipular este tipo de consideracións? ¡Mire por onde que me vén felicitar de forma explícita pola xestión que facemos das residencias públicas! Porque considera que, efectivamente, o número de contaxios en residencias públicas é menor, ¡grazas en nome de todos os profesionais das residencias públicas! Lamento que non veña aquí felicitar a todos os profesionais da sanidade pública que teñen os datos que acabo de referir. Pero isto é, señorías, o que quedará no *Diario de Sesións*, e iso é moi importante. O plantexamento durante a pandemia dos grupos parlamentarios quedará reflectido no *Diario de Sesións*, e isto creo que ben merece a pena relelo.

Señor Caballero, non ten por que vostede imitar a señora Lastra. A señora Lastra xa se dedica a chamar «cacatúas» aos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Si, si! É a súa xefa, do Grupo Parlamentario Socialista. Xa se dedica a facer o que vostede fai aquí. Pero vostede aquí non ten, dentro do seu ámbito, a responsabilidade de defendelo, señor Sánchez. ¿Non se dá conta de que non estamos no Congreso dos Deputados? ¡Vostede defenda o que pensa! Pero, se vostede non ten ningunha autonomía para pensar como Partido Socialista de Galicia, ¡déixelle o turno de portavoces á señora Lastra e xa está!

¿Como que non nos anticipamos? ¡Se o 27 de febreiro constituímos a Comisión COVID no Goberno da Xunta de Galicia...! ¿Como que non nos anticipamos? ¡Se o 1 de marzo empezamos a comprar UCI, señoría, e a contratar sesenta e seis persoas!: está o diario das roldas de prensa do Consello da Xunta. ¿Como que non nos anticipamos? O que nos anticipamos, señoría, é... (*Murmurios.*) non uns días nin unhas horas, senón dezasete días. ¿Que ocorrería



en España se o 27 de febreiro en Moncloa se constituíse a comisión da covid? ¿Que ocorrería en España se o 1 de marzo se activase o estado de alarma sanitaria e se lles propuxese a todos os servizos de saúde incrementar o número de respiradores e o número de camas UCI? ¿Que ocorrería se dende o 1 de marzo se prohibisen todo tipo de acontecementos masivos no país, como se deberían de prohibir, segundo os datos do Sistema de Alerta Epidemiolóxica que teñen os estados, conectados coa Organización Mundial da Saúde? ¿Que ocorrería, señor Caballero? Esa é a pregunta que o Partido Socialista deberá de contestar algunha vez na nosa historia. Señoría, ¿que ocorrería se tomásemos en serio, e non por cuestións ideolóxicas, as cousas que se puideron facer dende aquel 27 de febreiro que a Xunta constituíu a comisión da covid a aquel 15 de marzo, tempo en que o Goberno de España estivo mirando para outro lado?

Eu non veño aquí defender ningún presidente autonómico —teño boa relación coa inmensa maioría—, pero dicirlle ou imputarlle a un presidente autonómico que non pode pechar unha comunidade autónoma... ¿Pero non se dá conta de que os presidentes autonómicos non podemos pechar as autovías? Agora nin o presidente autonómico pode dicirlles aos galegos se poden saír pasear, aínda que vivan en núcleos de poboación de 200 habitantes. Agora, no meu pobo, ¿que lle digo á xente dos Peares? ¿Vostede que me propón? ¿Parécelle ben que a xente que nacemos, por uns metros, na provincia de Ourense poidamos cruzar a ponte ou lle parece iso excesivo? Se cruzamos a ponte do tren, despois de entrar na provincia de Lugo, volvemos á provincia de Ourense. ¿Podemos ou non podemos? ¿Podemos comprar o pan e ir á farmacia ou non? Para ir á farmacia hai que pasar pola provincia de Lugo e volver á provincia de Ourense. ¡Pero non se dá conta de que isto é un disparate! ¿Non se dá conta de que isto é «o mando único», que é simplemente descoñecer a realidade do país?

Cando un non ten problemas, comparte as solucións, e cando un cre que é propietario da verdade nin constitúe comisións de expertos clínicos, nin constitúe comisións de expertos económicos, nin fala cos grupos do Parlamento. Por iso me gustaría simplemente que os galegos entendesen e se desen conta de que despois das reunións da Conferencia de Presidentes nos reuniamos. ¿Por que hai que ocultárllelo? Dúas veces non me reunín porque non tiña nada que dicirlles. Señora Pontón, se me reúno con vostede o domingo e comparezo no Parlamento a mesma semana, ¿que quere que lle diga? Xa lle dixemos nas videoconferencias que era moi simpática, señora Pontón. ¡Se, ademais, non era unha comparecencia para explicar o que ocorría na Conferencia de Presidentes! Non. Vostede faciame todas as preguntas que nada tiñan que ver coa Conferencia de Presidentes: ¿como están as residencias?, ¿como está o número de contaxiados?, ¿cantos tests fixemos?, ¿cantos deles son PCR?, ¿cantas PCR e cantas por persoa? Preguntábame o que quería, ao igual que o señor Caballero ou o señor Gómez Reino. Era unha comparecencia no senso estrito que duraba dúas horas e que non se retransmitía porque entendiamos que o que tiñamos que facer naquel momento era estar xuntos. Despois, cando saían, dicían un titular absolutamente distinto do que faláramos dentro. Todas as propostas que vostedes concretaban en titulares estaban respondidas.

¿Di que non dou información das residencias? Toda a información que vostedes quixeron. Veu a conselleira de Política Social, viñeron máis de seis conselleiros e virán todos os conselleiros á Deputación Permanente, cousa que non ocorreu na historia do país. Na Deputación Permanente, con este Parlamento disolto, comparezo dúas veces ao mes por acordo maio-



ritario dos grupos, cousa que non ocorre en períodos ordinarios. Señorías, ¿de que se nos acusa exactamente?

Eu comparecín hoxe —con moito gusto— para expoñer cal é a situación actual e cal é a situación que cremos que se pode producir nos vindeiros días. Comparecín hoxe para acreditar que a fase crítica da pandemia a temos superada entre todos, para dicir que a pandemia sanitaria se pode converter nunha profunda pandemia económica e social, para acreditar que temos unha posición sanitaria sólida e para comunicar que temos a maioría dos concellos sen virus de transmisión comunitaria —a inmensa maioría, 2 de cada 3—. E comparecín hoxe para dicir que creo que estamos en condicións de abrir Galicia para que os galegos da Coruña poidan ir a Pontevedra, os galegos de Lugo poidan ir a Vigo e os galegos de Vigo poidan ir a Ferrol, asumindo a miña responsabilidade. ¿Por que non me deixan xestionar a responsabilidade que me corresponde constitucional e estatutariamente? ¡Ah!, polo estado de alarma que vostedes firmaron. ¿Realmente, é necesario invalidar as competencias dun presidente autonómico neste momento? ¿Realmente vostedes cren máis no Ministerio de Sanidade, que non xestiona ningún hospital salvo en Ceuta e Melilla, que nos profesionais do Servizo Galego de Saúde? ¿Cren realmente que estes profesionais van solventar o que ocorra na Coruña ou o que ocorra na área do Salnés? ¿Esta é realmente a proposta do estado de alarma que vostedes plantexan?

Cumprimos os requisitos e estamos preparados para abrir, esa é a nosa proposta; veremos cal é a resposta o sábado pola noite —ou o venres— das súas autoridades «mando único». Por iso é fundamental o diagnóstico precoz. Cando dicimos que somos a comunidade autónoma con máis tests epidemiolóxicos feitos en España, ou cando dicimos que o Hospital de Vigo foi o primeiro hospital de España en facer tests sen saír do coche para garantir a saúde dos cidadáns, dos pacientes e dos profesionais, paga a pena poñelo en valor. Tamén cando nas próximas vinte e catro horas imos ter os resultados dos primeiros 50.000 tests que fixemos en Galicia. Os tests do Goberno de España, os mesmos que vostedes querían que se utilizaran para diagnosticar nas residencias, agora resulta que non lles valen para facer unha enquisa. Realmente, se fixera o que vostedes me mandaban, que era utilizar os tests para facer o diagnóstico dos maiores, vostedes probablemente estarían denunciando o servizo de saúde e os servizos sanitarios por facer o que vostedes querían que fixera.

Señorías, fixémoslles tests a máis de vinte e seis mil profesionais do Servizo Galego de Saúde, practicamente a todos os que tiveron algo que ver de forma directa coa covid, e queremos facérllelos a todos. Fixémoslles tests ao cen por cento dos residentes da terceira idade, aos 25.000, e aos traballadores, e queremos seguir. Acabamos de dicir que adquirimos 400.000 tests en Galicia de dobre banda, 100.000 xa nas instalacións do Servizo Galego de Saúde, grazas a unha empresa galega, Inditex. Señorías, acabo de dicir que hai unha proposta do Servizo de Microbioloxía de Vigo que será, sen dúbida, se se confirma, unha das propostas máis intensas, revolucionarias e eficaces de Europa, que é facer tests pola técnica de *pooled* e poder facer tests masivos en centros de traballo, en centros sanitarios, en residencias da terceira idade e nas fábricas, para intentar que Galicia sexa un lugar seguro.

Señorías, acabo de plantexar que necesitamos un sistema de peche e de apertura dinámico e preciso que estamos dispostos a executar e que o lóxico sería ter un protocolo único para todos os sectores económicos do país; un protocolo feito polos responsables do «mando



único», que mandan pero non xestionan. Eles mandan e nós traballamos, esa é a gran diferenza entre un mando único que ten autoridade e un mando único que soamente ten poder. O poder e a autoridade son cousas ben distintas, señorías.

Volvo insistir en que non ten sentido un estado de alarma *sine die*, que pode durar meses, semestres e anos ata que saia a vacina. (*Murmurios.*) ¿Agora ábrese a porta á cogobernabilidade? Esperemos que sexa efectiva. A decisión que acaba de anunciar o Ministerio de Sanidade é algo sorprendente, xa que nos comunicarán se os galegos podemos pasar dunha provincia a outra o sábado, cando esta empeza a rexer o luns. Por iso, imos seguir planteando a posibilidade de moverse dentro de Galicia e, se hai un foco, a posibilidade de actuar nun concello ou zona básica de saúde ou nunha comarca ou distrito sanitario e, se é necesario, pechar unha área, pero nunca pechar unha provincia.

¿Vostedes saben o que supuxo o impacto para os autónomos do que falaba o señor Sánchez? O seu partido é o responsable do Ministerio de Traballo en España, e o impacto foi que teñen que pagar as cotas dos autónomos. ¿Esta é a proposta do Goberno central? ¿Sabe vostede o que supón para os autónomos de Galicia pechar unha provincia?, ¿non poder saír dunha provincia a outra para poder traballar? Despois de todo este tempo, ¿saben o que supón ter que estar escoitando que Galicia non abría os mercados de abastos e os mercados municipais ao aire libre e cando resulta que tomamos unha decisión publicada no *Diario Oficial de Galicia* para abrilos vén pechalos a Garda Civil? ¿Isto é un estado de alarma e un estado constitucional? Eses mercados hai semanas que están abertos en Euskadi e en Cataluña, ¿por que non van vostedes alí pechar eses mercados ao aire libre? ¿Por que os gandeiros e os agricultores son menos que o resto dos agricultores vascos e cataláns? ¿Que ocorre, que alí non se pode utilizar o estado de alarma nas súas consecuencias e aquí si?

Señor Caballero, señor Sánchez, volto reiterar, isto é o que ocorre. Non teño ningún interese por confrontar, agora teño interese por que se aclare a realidade. Porque por riba resulta que hai membros do BNG que me imputan a min o peche de onte do mercado de Carballo. ¿Será un plantexamento absolutamente cínico? Nós queremos abrir os mercados de abastos no concello de Carballo, e hai un alcalde do BNG, pero non foi o alcalde quen imputou ao presidente da Xunta de Galicia o peche dese mercado, senón outros responsables máximos do BNG. ¿Por que non lles contamos a verdade aos galegos? Se este Parlamento é para dicir a verdade do que ocorre no país, eu teño que dicir como verdade que me sinto moi orgulloso dos cidadáns de Galicia e que teñen unha nota exemplar. Hai 1.100.000 galegos sen poder saír das súas casas simplemente porque o gobernador civil de Galicia considera que non se pode saír. Pola contra, os asturianos poden saír. E eu, como presidente da Xunta, confronto con isto. ¿A vostede parécelle normal que nun núcleo de poboación, polo feito de que o seu concello teña 5.001 habitantes — caso de Cerceda —, non se poida saír da casa, como nun núcleo de poboación de 200 ou de 300 habitantes? ¿Que sentido ten? Señor Caballero, ¿realmente está detrás de todo isto? ¿Vostede realmente asina ese comportamento e cre que eu vou calar? ¿Non se dá conta de que eu non respondo ante ninguén máis que ante os galegos e as galegas que viven neses núcleos?

Con todos os respectos, os galegos temos unha paciencia co mando único increíble. Se non chegamos a ser un pobo disciplinado, un pobo humilde e un pobo pacífico, evidentemente,



hai cuestións que non poderíamos aceptar de ningún xeito. Aquí non podemos abrir os mercados ao aire libre e noutras comunidades autónomas si e aquí se se lle pregunta a un pescador por que vai pescar é porque a Xunta de Galicia, no exercicio das súas competencias, de acordo coa Cecop, o autorizou; e, se non, que se denuncie a Comunidade Autónoma e non a xente que vai pescar. ¿Cal é o problema para ir pescar a un río? ¿Que pasa, que non hai distanciamento social? ¿Para ir regar as leitugas ou as cebolas temos que pedir autorización á Garda Civil? ¿En que país vivimos se os galegos non poden atender os hortos de autoconsumo ou os animais que ten a xente nos pobos, a maioría deles de autosubsistencia, e teñen que pedirlle permiso para iso á Garda Civil? ¿Esta é a súa interpretación do estado de alarma?

Señorías, a miña interpretación é que Galicia non vai baixar a garda, vai seguir traballando con humildade. Pero, dende logo, exiximos respecto: respecto á Autonomía, respecto ao Parlamento, respecto ao Estatuto, respecto á Constitución e respecto á verdade. E non pasa nada por coincidir, señor Sánchez, non pasa absolutamente nada. Non pasa nada por coincidir, señora Pontón. Onte, o BNG e o Partido Popular votaron o mesmo no Congreso dos Deputados, abstivéronse na votación do estado de alarma. Señor Caballero, ¿que lle parece que o seu socio de goberno en todas as institucións non faga o que vostede di? Resulta que o irresponsable son eu porque fago as advertencias sobre o estado de alarma, pero despois o único deputado do BNG vota exactamente igual que o Grupo Parlamentario do Partido Popular. O irresponsable son eu. Igual dirixo o BNG tamén, señor Caballero.

Señorías, teñan coidado porque durante esta pandemia aprendemos todos moitas cousas. Hai alguén que defende a Constitución, o Estatuto de autonomía e o Parlamento de Galicia e hai outros que defenden o seu partido, con independencia de que o seu partido acerte ou se equivoque. O importante é que Galicia acerte.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Remata aquí a comparecencia.

Queremos agradecer, unha vez máis, o traballo do persoal Parlamento que fai posible estas comparecencias e tamén o de todos os profesionais sanitarios e profesionais doutras ramas da actividade que coidan da nosa saúde.


Agora continuaremos cunha pequena reunión que temos os portavoces, da que foron avisados xa onte.

Moitas grazas.

Remata a sesión.

Remata a sesión ás tres e cinco minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

